

# Voces termando da paisaxe galega

Discurso lido o día 14 de xaneiro  
de 2017 no acto da súa recepción,  
pola ilustrísima señora dona

**Marilar Aleixandre**

e resposta da excelentísima señora dona

**Fina Casalderrey**



REAL ACADEMIA GALEGA







**Voces termando da paisaxe galega**

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 14 de xaneiro de 2017  
no Paraninfo da Universidade  
de Santiago de Compostela.

**Edita**

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-946005-3-1

Depósito legal: C 2316-2016

© Marilar Aleixandre, 2017

© Fina Casalderrey, 2017

© Real Academia Galega, 2017

**Maquetación e coordinación da edición**


Mazaira grafismo, sl

**Deseño da colección**

Grupo Revisión Deseño

**Impresión**

Alva Servicios Gráficos



# Voces termando da paisaxe galega



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2017



Discurso da ilustrísima señora dona  
Marilar Aleixandre







Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega,  
señoras e señores académicos, amigas e amigos:

Dezaoito de agosto de 1936. O Pozo da Revolta, parroquia de Mogor, Marín. Na luz borrallenta da madrugada un mariñeiro de dezasete anos prepara a súa barca. Xurdindo da brétema unha visión estarrecedora.

A muller ía descalza e levaba o camión manchado de sangue. Tamén as mans, e talvez por iso puido virlle á cabeza o día, había dous anos, no que o congro lle arrincara os dedos. Mais o sangue fluía do peito, dun ombro, a muller tiña todos os dedos nas mans que retorcia ansiosamente.


Un encontro lembrado, setenta anos despois, polo seu curmán para o entrevistador de *Nomes e Voces*, Andrés Domínguez Almansa:

Auxilios, auxilios, auxilios!

Era un chaval, era de noite e xa se sabía o... el asustouse e colleu e rema, rema, rema a desviarse do choio, porque naqueles primeiros días era unha revancha, aquilo era criminal. O terror, sembraban o terror.

Nunca soubo o seu nome nin que foi dela, se chegou á casa ou se morreu desangrada entre os toxos.

Quero comezar este ensaio sobre a paisaxe lembrando as voces silenciadas, seguindo as pegadas de sangue desta muller sen nome a través das corredeiras. Traer aquí a paisaxe invisíbel que tamén forma parte do país.



Querido Pepe:

Aquí estou no intre de te suceder neste escano, a cadeira de Xosé Neira Vilas. Con ledicia, pois é un día de celebración. Con mágoa porque ti non estás fisicamente aquí. Ti, que con tanta ilusión asinaches a proposta da miña candidatura hai cinco anos. E que dicir sobre Neira Vilas que non estea escrito? Todos saben que aos oitenta e sete anos seguías sendo o pícaro rebelde capaz de arrebolarlle unha pedra ao fillo do señor. Disposto a acudir alá onde a túa presenza puidese apoiar a creación dunha nova asociación de estudantes, semellante á que ti fundaras pouco tempo despois de chegar a Buenos Aires, e que ten azos para continuar un labor por ti e outros da túa xeración iniciado. Resolto a unir a túa voz na denuncia das inxustizas.

Eu lin por vez primeira *Memorias dun neno labrego* cando cheguei a Vigo en setembro de 1973 para dar aulas no Instituto Castelao (chamado daquela do Calvario, pois aínda non propuxera mudarlle o nome). Aprendía galego nas clases de Francisco Carballo, no xermolo da Asociación de Veciños do Calvario, clandestina, como case todo o que era interesante daquela. Lendo as *Memorias* de Balbino puiden saborear fermosas palabras, “mouro”, “enfarruscar”, lambonadas que nos ofrecías.


Se as *Memorias dun neno labrego* é un dos libros galegos máis difundidos polo mundo adiante, se foi traducido a dezaseis linguas, se segue emocionando a lectoras e lectores de países tan distantes como China ou Alemaña, é por falarnos de cuestións universais, das inxustizas e de como afectan á infancia, das ledicias dun neno por pequenos sucesos, das súas penas nun mundo que ás veces resulta hostil. As *Memorias* tiveron a afouteza de rachar coas historias bucólicas sobre a vida nas aldeas. Non son compracentes coa idea mítica dunha Galicia rural onde todo sería harmonioso, sen conflitos. Unha lucidez tanto máis singular canto, desde a distancia imposta polo exilio, pode haber unha tendencia a representar a aldea que se deixou atrás como a Arcadia feliz. Ao contrario, as *Memorias* reflicten a dureza duns tempos nos que rapazas e rapaces andaban descalzos e sufrían frieiras. Todos ou case todos, fosen os nados nos anos 1920 nunha familia pobre, como Balbino, fosen os nados nos anos 1950 na casa dun médico, como o meu compañeiro Ramón López Facal. Balbino fainos vivir a pobreza, o frío, a dureza da vida duns rapaces pobres. Non agochas, Pepe, que na sociedade, nas vilas e aldeas, hai homes, como o pai

de Andrés, que mallan na súa muller. Isto en 1961 cando ninguén ou case ninguén, nos xornais nin na literatura, falaba dos malos tratos, da violencia contra as mulleres. Tampouco agochas a loita de clases, ao reflectires a oposición entre os rapaces labregos, fillos de caseiros, sempre baixo a ameaza de perderen traballo e casa, e os ricos. Cómpre, benquerido Pepe, agradecerche que neste texto inaugural da literatura galega para nenos e nenas non falseases a realidade con azucre. Agasalláchesnos cunha chamada á rebeldía, a tomarmos partido contra o discurso da resignación e o medo. O discurso dos caladiños que mantén que non hai nada que facer nin para defender a lingua galega, nin para defender os dereitos sociais, tan duramente conquistados. Balbino ensínanos o camiño, guíndanos unha pedra na fronte, como a puñada no cranio que, segundo Franz Kafka, debe ser a escrita:

Soamente deberíamos ler libros que traben en nós, que nos aguilloen. Se o libro que lemos non nos acorda cunha puñada no cranio, entón: para que o lemos? (Carta a Oskar Pollak, 1904).

Na homenaxe que che fixo a Liga Estudiantil Galega en 2011 dixeches que eras “un labrego galego que percorreu moitos camiños e comeu o pan que o demo amasou”. Sabías que hoxe a nosa mocidade se ve obrigada a percorrer os camiños de alén mar, come de novo o pan que o demo amasou porque, coma ti, non ten un traballo digno na súa terra. A xente a emigrar, sexa de Galicia para fóra ou ás veces de fóra para Galicia, non o fai por vontade senón porque non hai outra, como evocas con acerto na novela *Esperando ao leiteiro*. A nosa paisaxe inclúe tamén os galegos e galegas na emigración, a cultura galega en Arxentina, que debullas no teu discurso de ingreso na Real Academia Galega, en 2001. Que se eu nacín en Madrid, a primeira vez, e fíxenme galega en Vigo, ti naciches en Gres, no corazón de Galicia e, como dis no discurso, tomaches conciencia da túa identidade galega e asumiches a lingua do teu pobo en Buenos Aires.

Alí descubrín a personalidade histórica e o signo diferencial do noso país; alí estudiei e fun adquirindo unha cultura xeral da que carecía cando emigrei, e unhas técnicas para a utilización da palabra escrita; alí abrollou a miña latente vocación literaria;



alí publiquei os meus primeiros escritos e asumín de por vida a lingua do meu pobo para toda creación e comunicación; alí convertínme nun apaixonado activista da cultura galega, no seu máis amplo sentido (Neira 2001: 11).

A nosa cultura, a nosa paisaxe simbólica, deben moito á emigración en Arxentina e Cuba e ti, emigrante durante media vida, trece anos na Arxentina e trinta e un en Cuba, sábelo ben. A Real Academia Galega, coma tantas institucións, o himno galego, a bandeira, e textos fundacionais do país, *Follas novas*, naceron na Habana, nese fervedoiro da emigración ao que ti contribuíches. En Cuba, como narrabas nunha entrevista a Montse Dopico en 2012, decidiches deixar de lado por un tempo a ficción e dedicarte á investigación porque, dicías, “Entendino como un deber con Galicia”. Aí están as túas magníficas reportaxes e estudos dos anos 1980 e 1990, como *Galegos no Golfo de México*, *Guerrilleiros*, e os tres tomos da *Memoria da Emigración*, todos publicados por Edicións do Castro. Cómpre recoñecer aquí o labor desta editorial, obra de Isaac Díaz Pardo, sen a cal os teus textos e outros semellantes non verían a luz.

Estes, benquerido Pepe, son unicamente uns poucos trazos que certifican o compromiso coa causa que ocupou a túa vida, a da lingua galega, a da cultura, a de dar voz aos máis desfavorecidos, aos “ninguén” que grazas a ti fican para sempre na memoria de quen te le. É unha honra e unha gran responsabilidade sucederte, e esforzareime arreo en continuar o teu labor.


Debo lembrar tamén a quen ocuparan a cadeira antes de Neira Vilas, o etnógrafo Xaquín Lorenzo, Xocas, o mestre e poeta, investigador da fala brañega, Antonio Noriega Varela, e o médico e escritor Juan Barcia Caballero.

Situada nesta liñaxe en razón do escano, pertenzo porén, afectivamente e polas ideas que me unen a elas, á estirpe das que Rosalía de Castro chamou as *Literatas*. Malia sermos unha literatura que agroma dunha nai fundadora, as institucións do noso país están demorando en recoñecer as mulleres hai tempo a exercerem como intelectuais, a empuñaren a pluma sen temor a ser alcumadas de “bacharelas”, como di Rosalía, a discorreren e escribiren textos orixinais. Cruzo hoxe o lintel da casa de Rosalía, quen morreu antes da fundación da Academia, mais

chantou os seus alicerces. Entro na casa de Emilia Pardo Bazán, quen a legou para a sede e quen, con todo e ser unha das fundadoras da comisión xestora da Academia, nunca entrou nela. De Rosalía e Emilia herdo o feminismo, a convicción de que as mulleres podemos acadar todo, unha idea expresada poeticamente no discurso de ingreso de Xohana Torres, *Eu tamén navegar*, e nos seus poemas. Coma outras pioneiras rebeldes, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán desafiaron as convencións sobre o que debían ou non debían facer as mulleres. En 1864 arredor de douscentos seminaristas apedrarón a imprenta Soto Freire para impedir que publicase, no *Almanaque* de Lugo, o texto rosaliano “El codio”, unha acción de censura tan efectiva que a día de hoxe o texto está perdido. Un ano despois, nas *Literatas*, Rosalía analiza con lucidez os prexuízos sobre as escritoras. Emilia foi vilipendiada, sobre todo a partir de 1882 co gallo da publicación de *La cuestión palpitante*, pola defensa da literatura de Zola, e por causa da creación de protagonistas femininas afoutas, como a de *La tribuna*, chegando ao punto de ter que escoller entre o seu matrimonio e a escrita. Foi preciso agardar a 1945, corenta anos despois da fundación da Real Academia Galega, para ser escollida a primeira muller, Francisca Herrera Garrido, e outros corenta a, en 1985, para que ingresase Olga Gallego.

Para unha persoa ingresar é preciso un feixe de académicos levaren a proposta ao plenario da Academia. Agradezo a Francisco Díaz-Fierros, profesor e investigador en ciencias do solo, con quen me une o empeño en facer as ciencias parte da cultura galega; a Margarita Ledo, que deu ao cine galego obras imperecedoiras como *Santa Liberdade* e *A cicatriz branca*; a Víctor Freixanes, narrador de longo alento, editor, xornalista; a Manuel González, lingüista teimando en documentar a fala do país e en achegar ao público esa sabedoría a través dos dicionarios, e a Xosé Luís Regueira, experto nas sutilezas da lingua oral e da fonética, autor d’*Os sons da lingua*, que exerceran ese labor. Tamén a Xesús Alonso Montero o agarimo ao me comunicar a elección, e a Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo o apoio na navegación dos procesos de redacción dun discurso.

Neste punto, é acaído abordar brevemente a forma de me facer galega. Adoito dicir que eu nacín dúas veces, a primeira en Madrid, o un de maio de 1947; a segunda en Vigo na primavera da Revolución dos Caraveis en 1974, cando inicio a miña



inmersión no galego. Porén, os meus contactos co galego comezaran antes. En 1969 pasei dúas semanas en Vilarello, Donís, nos Ancares de Lugo, da man de Santiago Castroviejo, estudando os micromamíferos –pois nunha reencarnación anterior fun zoóloga– vivindo nunha casa onde só se falaba galego. Os dous últimos anos en Madrid compartín piso con Carmen Vázquez, despois directora de Edicións Obradoiro, piso e mais viaxes as fins de semana a Vigo no seu *Dous Cabalos*. En Vigo, na casa de Antía Cal, escoitei por vez primeira un poema en galego, “¡Meu carriño!” de Ramón Cabanillas, recitado por Antón Beiras Cal, e Antón, nunha visita a Madrid, tróuxome os dous primeiros libros que lin en galego, *O atraso económico de Galicia*, de Xosé Manuel Beiras e *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Isto antes de me instalar en Galicia e mergullar en Toba na familia do meu compañeiro, Ramón López Facal. Aos Facais debo non só a aprendizaxe da lingua, senón tamén un imaxinario da Costa da Morte por min roubado na Casa de Toba, como recoñezo en poemas de *Catálogo de Velenos* e *Desmentindo a primavera*. Debo ser a primeira persoa investigadora da educación na Academia, mais tamén a primeira integrante do Batallón Literario da Costa da Morte, que forneceu o contexto para eu escribir poemas. Entre os libros que lin neses comezos, ademais das *Memorias dun neno labrego*, están *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* e *A galiña azul* de Carlos Casares. É unha ledicia que o ano do meu ingreso sexa o ano Casares, de quen admiro a solidez narrativa, a engaiolante conversa e o interese por articular ciencias e letras na cultura galega. Foi Carlos quen me pediu en 1980 coordinar o primeiro texto de Ciencias en galego, que acabaría sendo publicado como *Setestrela* por Xerais en 1988, Carlos quen me encargou, en xullo de 1998, un libro sobre paisaxes galegas para o Consello da Cultura Galega, que nunca pasou do estado de semente debido a interferencias que non veñen ao caso, mais que constitúe un dos xermolos deste ensaio.


\* \* \*

## Voces termando da paisaxe galega

Quen terma da paisaxe galega? E quen terma de nós? Cada unha, cada un somos unha coral, unha multiplicidade de voces que ás veces dialogan e outras rífan tirándose a palabra entre si. Na construción desas voces ou identidades a paisaxe que habitamos ten un papel crucial. Mais tamén a paisaxe é unha polifonía de voces (grazas, Mijaíl Bajtín), unhas físicas, outras discursivas, á que nós contribuímos.

A paisaxe galega, como outras entidades, ten unha presenza física, natural, o que López Silvestre (2011) chama os datos sensíbeis ou a *materia prima*, e mais o que este autor denomina a *chamada* de atención ou ollada, da que neste ensaio sigo en particular a literaria. Procésase esta materia prima, di López Silvestre (2009), de dúas formas, como representación mental, e valorándoa, sentíndoa esteticamente. A noción de paisaxe artella pois a dimensión da terra e mais a pegada humana nunha dupla dirección (Paül/Tort/Sancho 2011), segundo a idea de Alain Roger de transformación cultural humana física, material, do territorio, chamada *in situ*, e o procesamento intanxíbel *in visu* a través da ollada da arte, especialmente da literatura. Tradicionalmente a representación da paisaxe foi a da ideoloxía patriarcal dominante e entendeuse a pegada humana ser a dos “homes”, mais o feminismo, e particularmente o ecofeminismo, cuestiona esta visión (Palacios 2005; 2011), tanto teoricamente en ensaios como, de xeito aínda máis significativo, na práctica da poesía polas poetas galegas, que levan a cabo unha nova transformación cultural da paisaxe.

Escollo *termar* pois esta fermosa voz polisémica contén en galego tanto o significado físico de manter algo no seu lugar, aguantar, soste, como o significado emocional de coidar dunha cousa para evitar que se altere, ter conta dela. Voces sostendo a paisaxe e tendo conta dela con agarimo. O argumento deste ensaio é que, neste intre, ambas as dúas, presenza material e presenza inmaterial, construída discursivamente no noso imaxinario (López Sánchez 2008), están ameazadas. Porén, sendo o meu marco teórico de referencia a teoría crítica (Habermas 1981), creo que é posíbel intervir na realidade, construír mecanismos de resistencia fronte a esas ameazas, termar da paisaxe. O debate sobre a capacidade das persoas e dos





pobos para superar as condicións do medio vén de moi atrás na xeografía humana e nel, como lembra Díaz-Fierros (2002), interveu Otero Pedrayo. A reflexión sobre a paisaxe articula dúas voces que compiten en min, en nós, *mythos e logos*, razón e emoción, ciencias e letras. A observadora e o observado.

Pretendo hoxe dar a palabra ás voces que terman da paisaxe galega. escoitar tanto as da materia prima, en linguaxe científica, como as da ollada literaria. Esta ollada é tan relevante que, como pescudou Antón Santamarina, a primeira en utilizar a palabra “paisaxe” é Rosalía de Castro no prólogo de *Cantares gallegos*. As voces todas concordan nunha advertencia: Termade da paisaxe!

#### A VOZ DAS ROCHAS: QUE NOS DI O OLLO DE SAPO

Pénsase as rochas non teren voz ou, se a tivesen, ser irrelevante. Crese que podemos maltraer as rochas sobre as que facemos pé porque, ao seren inmutábeis, nada poderá afectalas. Adóitase considerar as rochas como o paradigma da firmeza, entendendo que nada hai tan difícil de mover como as montañas. Porén, desde Wegener e a última grande revolución científica do século XX, sabemos que viaxamos a bordo de placas tectónicas que poden bater entre si ou agocharse unha baixo outra no proceso de subdución. A Terra é pois móbil, as rochas, antes de seren rochas, foron magma ardente como lava, as montañas non sempre estiveron onde agora as vemos. As montañas galegas, parte do Macizo Hespérico, xurdiron na Oroxenia Varisca ou Hercínica, que durou uns cen millóns de anos, desde o seu comezo hai 380 millóns. Nesta mesma oroxenia, hai uns 305 millóns de anos, pregáronse as cuarcitas do Pregamento de Campodola-Leixazós, no Courel, exemplo sobranceiro das rochas seren plásticas, dobra declarada Punto de Interese Xeolóxico Internacional, e Monumento Natural pola Xunta de Galicia desde 2011.

Di o Ollo de Sapo: “no Carbonífero a placa Armoricana, o que hoxe é a parte occidental de Galicia, uniuse a Laurussia. A colisión das placas non transcurre sen conflito, marca con cicatrices a codia da Terra. Esa sutura son eu, atravesando Galicia de Estaca de Bares a Seabra, a rocha chamada Ollo de Sapo, polos cristais de seixo que escintilan ao seren mollados pola chuvia.”

Invoco aquí Isidro Parga Pondal quen, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega o 25 de xuño de 1960, describe o Ollo de Sapo narrando como seguiu paso a paso a cicatriz ao longo de 220 quilómetros da Ría do Barqueiro, pola Serra Faladoira, As Pontes, Serra da Loba, Monterroso, Chantada e O Bolo. Parga Pondal considéraa un horizonte guía de grande valor xeolóxico. Se o substrato da paisaxe son as rochas, temos unha inmensa débeda con Parga Pondal, o cartógrafo que levantou precisos e rigorosos mapas da complexa xeoloxía galega, facéndoo nas máis difíciles condicións, logo de ser purgado pola ditadura.


Vinte anos despois deste discurso, o 23 de novembro de 1979, tiven a fortuna de escoitar Parga Pondal quen, na inauguración da Segunda Etapa do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, acollido en Sargadelos por Isaac Díaz Pardo, ante unha audiencia constituída en grande medida por profesorado de secundaria, dicía:

se encuentran, también aquí, nuevas caras que me hacen pensar en un futuro esperanzador para la geología de Galicia, pues al verlos, también llenos de entusiasmo, estoy seguro de que sabrán recoger la antorcha y llevarla constantemente hacia adelante (Parga 1980: 11).

Temos pois a responsabilidade de levar o facho que nos entregou don Isidro, coñecer a xeoloxía de Galicia e tamén preservar ese patrimonio, a materia prima coa que se moldea a paisaxe. Mais o patrimonio xeolóxico, trinta e cinco anos despois das palabras de Parga Pondal, está suxeito a ameazas, tanto para as rochas como para os solos ou as paisaxes singulares. Así os cantís do Pindo:

Acaso vos pregunten algún día  
que quixemos dicir en tanto sol,  
cando un monte se tinxe de arbol  
frente ao mar, frente a un deus en agonía.

Que quixemos ver nós nesa ardentía  
chamando pola noite do alcohol,  
no entrelazo das aves, no oureol  
dos granitos; que turba compañía



estremou os penedos con valados,  
mirou lobos nas illas, revolveu  
nas cavernas os ventos abismados.

Velaquí as voces da paisaxe na Costa da Morte, os lobos enxergados nas illas, os granitos rachando a tona da terra, o bruar dos ventos abismados que escoitou Xavier Baixeras nun “Crepúsculo ao pé do monte Pindo”.


Os granitos, situados nas zonas máis profundas da litosfera, quedan ao descuberto ao desapareceren os relevos montañosos pola erosión. Escoitando a paisaxe ameazada oímos as voces do espírito granítico do Porriño, mancado polas trabadas aos montes: Galicia é o quinto produtor mundial de granito, cun millón de toneladas extraídas ao ano. Custa imaxinar o furado que deixa na tona da terra un millón de toneladas e máis aínda o seu tempo de recuperación. En palabras de Otero Pedrajo (1955; 2009: 48) “Son outros os tempos expresados na inocencia podente e gris dos penedos”. A formación dos granitos, gneis e xistos que el chama rochas “fillas do lume”, exprésase en millóns de anos, no que Otero denominou o tempo cósmico.

Oímos as voces laiándose do espolio da lousa en Ourense. En Valdeorras extráese unha alta porcentaxe da lousa utilizada en todo o planeta. Os xeólogos Francisco Gutiérrez e Xoán Ramón Vidal Romaní (2011) e os ecoloxistas da Asociación Ecolóxica de Defensa de Galiza (ADEGA) e da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) unen as súas voces na crítica a formas de extracción que non respectan a conservación do medio nin do propio recurso, o modo en que montes e vales de Valdeorras son convertidos en depósitos de entullo de case medio quilómetro de altura. Se do granito se aproveita case todo o que se extrae, da lousa nas canteiras a ceo aberto a proporción é 4% aproveitado e 96% de refugallos. Como indican Gutiérrez e Vidal Romaní, a produción de 900.000 toneladas de lousa ao ano xera 22 millóns de toneladas de entullo. Camiñar polas paisaxes mutiladas de Valdeorras, contemplalas nunha foto aérea causa arrepío. Na Serra do Eixe máis de 3000 hectáreas foron engulidas polas canteiras da lousa e a auga desapareceu en longos tramos dos ríos Valborraz, San Xil e Casoio, afluentes do Sil (Taboada 2013) a pouca distancia de espazos singulares como o Teixadal de Casaio, constituído por

catrocentas árbores centenarias. Para chegar a esta teixeira única é preciso atravesar canteiras e montes de entullo. Os leitos dos ríos onde outrora chimpaban troitas e ras e revoaban picapeixes foron ocupados polas canteiras e a auga desviada a tubos de formigón. Moitos topónimos das fráxiles comunidades de Pena Trevinca perderon o seu sentido: hai tempo que non hai serpes na mítica Lagoa da Serpe nin pombas no Regueiro das Pombeiras. O Plan de Ordenación de Recursos Naturais de Pena Trevinca, do que se iniciou a tramitación en 2002, segue, máis dunha década despois, sen ser completado. Non sería necesario atender a criterios ambientais para alén dos intereses das empresas? Gutiérrez e Vidal Romaní propoñen métodos de extracción subterránea, de meirande eficiencia, como na Bretaña, coordinación de explotación e restauración, e aproveitamento dos residuos, o que evitaría a destrución da paisaxe. Destas e outras rochas semellantes dicía Otero Pedrayo seren “follosas como códices”. Estes códices, as rochas que o xeólogo Francisco Anguita chamou arquivos da memoria da Terra, textos únicos, palimpsestos nos que incontábeis xeracións deixaron as súas pegadas, vense estragados polo desleixo e ao desapareceren comportan a ruína da paisaxe que, para Otero, é o rompemento dun ritmo, o fracaso dun proceso.

O escintileo da cuarcita sobre os edificios da Cidade da Cultura non nos fai esquecer que foi extraída dunha canteira ilegal. Un episodio recente de colisión entre intereses ambientais e extracción mineira é o proxecto da mina de ouro de Corcoesto, en Cabana de Bergantiños, que ameaza o Anllóns pondaliano. Por fortuna neste caso as mobilizacións cidadás e a apelación ás leis acadaron unha vitoria e o proxecto foi cancelado. Ao libro colectivo *Versus cianuro, poemas contra a mina de ouro de Corcoesto* pertence o poema “A lenda aínda está por escribir” de Helena Villar Janeiro:

Fendede a terra,  
tirade toneladas de rocha da ferida  
e tapádelle a boca  
cos catro cartos de papel dexoso  
que ides gañar na xeira  
a quen ouse falarvos da cobiza  
dos exterminadores.



Un lugar en risco neste intre é a Cova de Eirós, en Triacastela, na que conflúen valores xeolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos. Nela, mans dun pasado remoto trazaron hai 10.000 anos pinturas rupestres. A súa conservación e estudo –pois só está parcialmente escavada– entra porén en conflito coa extracción a ceo aberto de pedra calcaria situada sobre ela. O Consello da Cultura Galega urxiu declárala Ben de Interese Cultural (BIC), o que garantiría a súa protección, petición de momento non atendida.

Sabemos que as entidades xeolóxicas, as rochas, o solo, non espertan a mesma emoción ca un paxariño o un carballo. En termos de López Silvestre, non serían valoradas esteticamente na mesma medida. Porén o carballo tarda en medrar cincuenta, sesenta anos, sitúase na escala da vida humana, mentres que o tempo de formación das rochas mídese en millóns de anos, o do solo en centos de anos para un centímetro. Noutras palabras, as rochas non son recursos renovábeis. Tampouco o solo pode ser considerado renovábel á escala da vida humana. Neste sentido, como sinala Díaz-Fierros (2002) no seu discurso de ingreso sobre o aproveitamento do solo, os nosos antergos seguiron prácticas pouco sustentábeis, queimando e cortando fragas para facer estivadas nas cinzas. Porén este era un sistema de “pan para hoxe e fame para mañá” que obrigaba a desprazarse cada dous ou tres anos. A análise de Díaz-Fierros está aberta á esperanza, ao percibir na actualidade tendencias ao equilibrio entre aproveitamento produtivo e conservación do solo e, por extensión, da paisaxe.

VOCES AMORDAZADAS DA AUGA:

DA FERVENZA DO XALLAS Á LAGOA DE ANTELA

Galicia conta con tantas paisaxes singulares que a súa enumeración ocuparía varios ensaios. En discursos anteriores outros académicos lidaron coa paisaxe: Otero Pedrayo (1929) pescuda “o sentimento da raza e da terra” en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal, malia considerar que “Rosalía desarma o análise” (1931: 74); López Abente (1941) percorre Bergantiños na poesía de Pondal; Ríu Barja (1983) a paisaxe compostelá; e Manuel María (2003) poesía e paisaxe na Terra Chá.

As paisaxes de Santo André de Teixido, Cariño e Ferrol son lembradas no discurso de Xohana Torres (2001). Desde Ortegá ao Miño moitos son os enclaves en risco de ver alterado o seu ritmo outerián. Percorrerei aquí algúns camiños vencellados á auga que, di Otero, vai “concedendo voz ás paisaxes”. Rosalía sitúa a auga como un elemento central da paisaxe galega, proclamando a beleza, non só de ríos e mar, senón tamén da chuvia:


Como chove mihudiño  
Como mihudiño chove  
Como chove mihudiño  
Pó-la banda de Laíño  
Pó-la banda de Lestrove

[...]  
Misteriosa regadeira  
Fin' orballo no chan pouosa  
Con feitiña curbadeira  
Remollando na ribeira  
Frol por frol, chousa por chousa.

Porén, a conmovedora despedida a ríos e fontes que Rosalía pon na boca de quen emigra, adquire hoxe outro significado con trazos irrevogábeis:

Adios rios, adios fontes,  
Adios regatos pequenos,  
Adios vista dos meus ollos  
Non sei cando nos veremos.

Non somos nós quen marchamos coa esperanza de volver. Agora dicimos adeus, talvez para sempre a ríos, fontes, regos. Desaparecen e, con eles, as paisaxes ás que concedían voz. O regato de Toba, chamado no lugar *río*, estaba vivo hai trinta anos, as anguías apañábanse coa man, no Rego Loureiro as libeliñas tendían un veo multicolor sobre as cabezas das nenas, bulían os cabezolos, as ras anunciaban



o luscofusco, os picapeixes revoaban, en decembro as avefrías trazaban nos herbais misteriosas inscricións en branco e negro. Certo que o río aínda leva auga, mais semella un cadáver sen azos. Na súa contorna caeu o silencio da morte. Hai anos que nos regos non buligan os limpafontes nin nos herbais vexo lostregar a faísca laranxa da pequena salamántiga galega. Non cabe detallar as causas, seguramente combinadas, o efecto de cegar ou desviar nacentes con estradas mal deseñadas, a contaminación das augas, as especies invasoras, sobre todo visóns escapados das granxas que van sementando morte ao seu paso. É un caso, mais non único. No Condado, o leito do río Tea foi ameazado polas areeiras, agardemos que a inclusión na Rede Natura 2000 poida frear o estrago. Rachel Carson chamou en 1962 *Primavera silenciosa* ás mudanzas no agro estadounidense. Se non termamos forte da paisaxe, o silencio cubrirá os ríos galegos coa súa agrisada borralla.

Mais a quen poden sorprender as desfeitas nun pequeno rego se o Canón do Sil e a propia Ribeira Sacra están en risco de ser estragados pola construción da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada? Talvez debamos dar a razón a Rubén Lois e Valerià Paül (2016) que sinalan a ausencia de planificación e xestión específica, e de compromisos de acción, para as montañas galegas. Segundo Lois e Paül as montañas non están no celme da cosmovisión galega –ao contrario do que ocorre en Cataluña–, debido en parte á identificación que fai Otero Pedrayo da cultura galega con ribeira e bocarribeira, noutras palabras, cultura agraria, un “canon ideal da paisaxe galega” que a montaña, paisaxe sen agricultura, non acadaría. Non ocupa, daquela, a Ribeira Sacra, o lugar que merece no noso imaxinario da paisaxe galega? Precisamos, como me pregunto noutro lugar (Aleixandre 2016), de músicos que a canten como Wagner cantou o Val do Rhin? A construción da autovía comportaría sesenta e catro viadutos sobre os ríos Sil, Cabe, Lor ou Miño que mudarían de forma irreversible a paisaxe, impedindo probabelmente a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, unha candidatura demorada desde 1999 e que requeriría previamente a declaración de Ben de Interese Cultural.

Neste intre, conclúen Paül *et al.* (2015), a contribución das áreas protexidas á eficaz ordenación do territorio galego e á xestión da conservación é marxinal. Unha conclusión na que coinciden Lamas e Mato (2016) para quen a paisaxe hexemónica,

mesmo a protexida, é a turística. Precisamos o empeño de todo o país, e nomeadamente do goberno, para que non continúe o silencio da auga do que se laia Manuel María no seu poema sobre o Miño:


Os caneiros, totalmente esbroados,  
noutro tempo unha música como  
o escuro fungar dos rumorosos.  
E agora só o silencio, imposto á forza,  
polas monstruosas presas dos encoros.

Da música silenciada do Pai Miño á voz “inxente e rouca”, en palabras de Miro Villar, da Fervenza do Xallas, a única desembocadura en cachoeira de Europa, o único río que no canto de ir descendendo suavemente precipítase desde os altos penedos do Pindo. De novo tiro da experiencia persoal desde Toba. O pai do meu compañeiro, o médico Juan López de Toba, nacido en 1906, lembraba escoitar cando neno o bruar da auga debruzándose no mar. A voz tronante da fervenza atravesaba os nove quilómetros de distancia entre O Ézaro e Toba. Até os anos 1950, antes da construción da ponte do Ézaro, o río só se podía cruzar en barca.

Mírote con desexo sexual que xa rebenta  
do xeito que a fervenza do Xallas baixa louca  
con estrondo bradante de voz inxente e rouca

Porén, desde entón catro encoros, Castrelo, Ponte Olveira, Fervenza e, en 1980 o último, Santa Uxía, amordazaron a voz do Xallas, intubárona en canles de ferro e cemento, apreixoaron as nubes, deixando ceiba unicamente parte da auga, uns fíos comparados co caudal que posúe. No Val de Santa Uxía o asolagamento fixo desaparecer o máis grande bosque de acivros da costa, así como lugariños e topónimos que lembraban os barqueiros. Cumpriría harmonizar o aproveitamento de recursos naturais co respecto a paisaxes únicas.

E que dicir da Lagoa de Antela, que foi a lagoa máis grande do noroeste da Península Ibérica, da súa excepcional biodiversidade? Non, este termo científico





non fai xustiza aos signos de interrogación das garzas, á fachenda dos lavancos, ao sentidiño das cegoñas, á altiveza dos mazaricos, ao fulgor do esquivo elanio, ás estremonías dos picapeixes. O desecamento de Antela, consumado en 1958, constitúe en palabras do xeógrafo Valerià Paül “a maior agresión sufrida por unha paisaxe galega na súa integridade” (Paül 2015: 79). Beireada por fértiles prados que grazas ao asolagamento nas épocas de chuvias mantiñan a humidade nas secas, por touzas gardadas entre sebes, Antela, como outros brañais, foi considerada “terreo improdutivo” que debía ser mudado en espazo agrícola. Coa auga desapareceron tamén nomes, tradicións, lendas como a da cidade asolagada de Antioquía, tesouros arqueolóxicos como a vía romana, os miliarios ou a Ponte das Poldras, cantada por Chus Pato. Esta ponte romana foi desmontada durante o desaugamento, destinando as pedras ao muro de contención da nova canle ou mesmo triturándoas para a cimentación da estrada. É significativa a súa substitución por unha de formigón. Hai fotos arrepiantes dunha escavadora derrubándoa.

ou tamén pode ser un río  
cruzas ese río  
a ponte é de pasos, de poldras, de pasais  
danzas un punto de muiñeira  
nesta  
e na seguinte.

É irreversible a desaparición da Lagoa de Antela? Ficarán para sempre as ras en silencio? Aínda que non pode ser restaurada tal como era, o Convenio de Ramsar sobre a conservación dos humidais e o Plan Estratégico español que o desenvolve contemplan a recuperación dos humidais destruídos ou degradados. De haber vontade política a rehabilitación parcial pode levarse a cabo. Talvez poida sernos de novo familiar a xeografía que soña Manuel Outeiriño, talvez poidamos recuperar a certeza da paisaxe:

xa non me é familiar a xeografía que cifrei para os sonhos,  
percorrira serodio, recoberta e prescrita por voces impersoais.


Se aínda miro moutelas enchoupadas, ou paredes comestas  
de humedén, se apalpo seixos, se estoupo estraloques,  
non o fago sen medo. Definiríanme os actos eunucos deliñantes  
nos roteiros da fatuidade lírica? Non teño xa a certeza da paisaxe.

Poucos anos despois de Antela, en 1969, pérdese outra paisaxe singular. O val de Castrelo de Miño é asolagado para construír un encoro. A revolta contra o encoro, narrada por Xosé Fernández Ferreiro na novela *Morrer en Castrelo do Miño*, será lembrada como un fito da resistencia cívica contra o caciquismo. Veciñas e veciños únense para termar da paisaxe, tentando impedir o espolio da natureza. A loita iniciada en 1965 polas mulleres coa “marcha dos fouciños”, recibiu o apoio da resistencia clandestina antifranquista, o Partido Comunista e a Unión do Pobo Galego, de traballadoras e traballadores e intelectuais de todo o país.

En Galicia a voz do mar contribúe, sen dúbida, á paisaxe e un percorrido pola auga ten que escoitala. Porén, nun provocativo ensaio, Paül e Labraña (2013) defenden que a paisaxe do espazo mariño está ausente ou case das contribucións teóricas recentes en galego, apuntando razóns como a consideración de “non paisaxe” atribuída ao mar. Isto en canto aos traballos teóricos, pois, como recoñecen, a paisaxe do mar está presente na literatura, mesmo segundo Miguel Mato Fondo (1998) desde a lírica galego-portuguesa así en Mendinho e Martín Códax.

Rexistro aquí a miña débeda co Batallón Literario da Costa da Morte, de existencia breve mais escintilante sen o que, probabelmente, non tería percorrido o camiño da narrativa á poesía. A escrita dos poetas que pertenceron ao BLCM está ancorada na áspera paisaxe de Fisterra, Mar de Fóra, Touriñán ou Rosto. No poemario *As crebas*, Miro Villar é quen de articular a imaxinería da Costa da Morte cun distanciamento crítico e mesmo irónico:

Non lle agradezas nunca aos deuses que viñeses até o final da terra porque aquí están  
as portas do inferno, nesta charca ábrese o labirinto que leva inexorable deica a pro-  
fundidade, ese abismo de culpa, tómbolo de silencios contra aquel mar de fóra que  
te recibiu calmo nas mareas diuturnas do acolledor setembro.



Unha e outra vez o mar galego é ferido pola gadoupa da marea negra. A poesía galega, parte do movemento *Nunca Máis*, ergue a voz contra a do *Prestige* no libro *Negra sombra*, ao que pertence este poema de Xela Arias:

Os nenos escriben “nunca máis”.  
Que non abonda.

Considera,  
considera a labazada.  
O tamaño do inflixido  
en tanto oes o son mediático das novas nas casas,  
a química diplomática na fiestra da praia.

Considera,  
considera a medida do desprezo  
cando apalpas moles as rochas que che sentiran os pés.  
As mans de Lola de Aguiño nos restos acugulados.

O imaxinario da paisaxe do mar en Galicia conta, ademais da auga, coa poderosa voz das baleas. En 2001, Helena González titulou a súa escolma da nova poesía galega *A tribo das baleas* por seren estas unha peza fundamental da épica mariña. Luisa Castro publicara en 1988 *Baleas e baleas*, o seu único e influente poemario en galego. A identificación coas baleas susténtase ao longo da obra de Ana Romaní, como unha metáfora da singularidade, da resistencia das mulleres en *Arden e Estremas*.

Alí onde fosiliza a area os ósos da mamífera  
escavamos    prendemos lume e ardeu o mar  
e fomos val a exhibirnos  
esqueletos descarnados sen función  
Agora que nada xustifica esa existencia previa  
convertidas en ruínas en obxectos de observación  
agora devén este alarido            areoso e medular  
e dime            que cultivas nos muros restaurados?  
dime    como pactan os teus dedos?

A través dos seus libros Estevo Creus vai “á caza da derradeira balea”:


destrozarlle os ollos  
quitarlle a canción  
esquecer a lingua

espila

Irei espir unha balea  
e morrerei de frío  
e a chuvia asolagará os meus pulmóns  
e o arpón trincaré máis forte a miña carne  
e nunca voltarei.

As baleas nunca voltarán á factoría baleeira de Caneliñas, pois fechou en 1985. Malia esta desaparición, persiste a invocación ás baleas na poesía galega. Estevo Creus gábase de que foi mordido por unha balea e Anxos Sumai, talvez a voz máis lírica da narrativa galega, escoitounas cantar.

Termamos do mar en Galicia, nós que tanto dependemos del? Non na medida que deberíamos. Tres anos despois da miña estadía en Donís pasei unha semana na casa de Emilio Anadón, profesor de bioloxía no Instituto Santa Irene, en Monteferro. Estudabamos os fabulosos animais do intermareal. Aquelas pozas entre as rochas eran o máis parecido que cabe imaxinar ao “tangled bank” ou enmarañada ribeira coa que Darwin conclúe poeticamente a *Orixe das especies*. Bulían nelas todas as formas imaxinábeis de vida, ofiuras levantando os escanados brazos nunha danza acuática, anemones procurando freneticamente mantenza, fermosos vermes con nomes tirados da mitoloxía como Nereis ou Eulalia viridis, ourizos, lorchos, tinteiras, lesmas multicolores... unha variedade sen fin que se encontraba tamén nas pozas de Estorde ou Lagosteira. Nada ou case nada disto fica hoxe. As pozas da beiramar, como os ríos e regatos son un esbrancuxado reflexo do que eran hai trinta anos. O mar e os seus habitantes están vivos no noso imaxinario, mais esmorecen no mundo material. Extraviáronse os seus pasos, que diría Manuel Antonio.



Estraviáronse os pasos do Mar  
nos vieiros do vento desertor

E perdeuse pola popa  
desamarrado  
o ronsel

AS PUNTADAS QUE SUSTENTAN A PAISAXE:  
VALADOS E SEBES, RODEIRAS E ALDEAS

Precísase algo que una entre si os anacos desiguais que constitúen a paisaxe. Esas puntadas, únicas na paisaxe galega, son os valados, son as sebes, son as rodeiras. Son tamén as palabras que os nomean. Así os valados, chamados en Toba *paredes*, armados con pedras desiguais, nunha harmonía de tamaños e texturas. Decía en *Teoría do caos*:

A primeira vista diríase que as paredes de pedra teñen a función de separar, pero non é así, son o fio co que están ganduxados uns a outros os prados, as leiras; palabras da linguaxe única coa que está escrita esta paisaxe que, se un día desaparecesen todas as paredes, sería un pouco menos ela mesma, un pouco máis igual á doutros lugares.

Os valos, de granito na Galicia que mira ao mar, de xisto na interior, tan presentes na paisaxe galega están vencellados a palabras como *choer*, levantar un valo, hoxe case esquecida, e a oficios que aínda existen na parroquia de Toba como o de *choedor*. Poden ser un empeño colectivo, como o cantado por Anxo Angueira n' *O valo de Manselle*, no que toda a parroquia de San Xián de Laiño traballou ao longo de dous anos para transformar un terreo vougo “arrincado da memoria comunal” nun parque infantil rodeado polo valo:

E eu vino e é un valo que lle randea o aquel.  
E fano eles.  
E un pon a luz prá a formigoneira  
e outro a auga prá porla  
e outro o tractor prá iren buscar ao monte a pedra,  
que é de pedra.


E todos pon as mans e o lombo.  
E eu vino e o valo é moito valo, o valo de Manselle.

O valo de Manselle mostra ser posíbel reconstruír a paisaxe, ser posíbel a utopía. Os valos teñen vida, sobre eles medran feitas, couselos, musgos, mais as sebes *están* vivas. Nas sebes entretécense abruñeiros, espiños, sabugueiros, abeleiras, madresevas, loureiros, rosas ventureiras. Nelas fan o niño o carrizo e a papuxa, e as abellas rouban o zume das flores. Noutros países, como Inglaterra, onde o coidado da natureza forma desde hai tempo parte da cultura, os pequenos xardíns que hai nas prazas de cidades tan urbanas como Londres están rodeados de sebes de arboriñas e arbustos autóctonos. En maio arrecenden as flores do espiño, as pequenas roseiras. Non é preciso comparar isto coas tuias que están pouco a pouco invadindo as aldeas, ou cos enreixados que delimitan prazas nas cidades.

As rodeiras, pegadas na pedra escritas ao longo de centos de anos, son memoria de rutas sobre corredoiras, carreiros ou congostras. Son, así mesmo, memoria do tempo, fundindo pois espazo e tempo como suxire Bajtín. Dos carros cantaruxando ao traeren leña ou valume do monte, millo e patacas da agra, ao levaren esterco da corte para as leiras. Algunhas desapareceron baixo o asfalto ao se converteren as corredoiras en estradas, outras existen, mais ninguén percorre os carreiros e vanse inzando de toxos e silvas. Chamo aquí pola preservación das rodeiras, dos valos e sebes, veas polas que circula a identidade da nosa paisaxe, signos que dotan de significado o país, patrimonio de noso, memoria de centos de xeracións labregas.

Para ser paisaxe, o territorio precisa da transformación humana, como sinalan Otero ou Roger (1997). Díaz-Fierros (2003) formula esta relación en termos de diálogo entre natureza e seres humanos. Signos da presenza humana son valos, sebes e rodeiras. Mais non chegan, en ausencia das persoas que os construíron, os constrúen e os manteñen. As puntadas máis necesarias para manter a paisaxe son pois as mulleres e homes que a habitan, son as aldeas. Se as aldeas desaparecen ou fican abandonadas o diálogo enmudece, a paisaxe esboróase.

Ora ben, Galicia sofre unha perda de poboación no rural, debido tanto á ausencia de futuro no campo, como á falta de servizos. É sangría que non cesa. Cada escola fechada por falta de nenos, cada casa sen fume na cheminea, cada leira sen



cultivar é unha ferida na paisaxe. Ferida máis grave na Galicia interior. Que fica das case duascenas malladas que houbo noutrora na Serra Calva e na do Eixe? Apenas unhas poucas visíbeis, comestas polas xesteiras, perdidas e, con elas, os topónimos, as duplas e triplas cercas de pedra, os chouzos no seu interior.

A doenza non é nova. En 1915, no poema “A fouce esquecida”, Cabanillas describe o resultado do desafuzamento: as aldeas abandonadas.

Currales valeiros  
pallotas desfeitas  
e o piorno sin millo  
co-as portas abertas.  
Nin gando na corte  
nin fume nas tellas  
nin carro no alpendre  
nin xente na eira.

Non é novo o despoboamento do rural, porén até hoxe falta unha acción concertada, un plan estratéxico para crear oportunidades de futuro nas aldeas. É posíbel, é urxente; neste caso non chega coa resistencia individual, fermosamente sintetizada por Uxío Novoneyra:

Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes  
poño eu a ampla fronda  
a redroma dun castiñeiro  
e sentada á súa sombra xunta a longa estirpe do último labrego

#### PARA AGUANTAR DOS NOMES: LINGUA E TOPONIMIA

A paisaxe pode entenderse como o territorio transformado pola presenza e a acción humana. Augustin Berque propón uns criterios para considerar a aparición histórica ou existencia dunha cultura paisaxística: que a paisaxe estea representada na lingua, na literatura, na pintura e na creación de xardíns. N’*O pensamento paisaxeiro*, de 2008, precisa o primeiro criterio: “Unha literatura (oral ou escrita)

que cante a beleza dos lugares, o que inclúe a toponimia (en francés por exemplo Bellevue, Mirabeau)”. Quero estender ese criterio a toda a toponimia, e sobre todo á microtoponimia, que supón unha atención precisa á contorna. Noutras palabras, non unicamente aos topónimos que canten a beleza dos lugares, como Belvís.


A paisaxe está representada na lingua galega. Os riscos para o galego, a perda de falantes, son couza rillando as trabes da paisaxe. Ameazan a presenza discursiva da paisaxe galega tanto como as canteiras de lousa nos montes de Valdeorras ameazan a presenza física. Hai unha parte do patrimonio lingüístico, a microtoponimia, na que veño teimando en artigos e poemas. Temos o deber de gardar estes anaquiños de memoria que parecen a piques de se perder: os nomes de leiras, agras, camiños, vaos, fontes, lugariños, camposas, a microtoponimia na que tan rica é Galicia. Hai rexistrados máis de 400.000 nomes e calcúlase que existen arredor de dous millóns. Patrimonio que pode esvaecerse para sempre na gris borraqueira do esquecemento pois os nomes pequenos non están nos mapas e, de non rexistrarse, desaparecerán ao morrer as persoas que os coñecen.

Na literatura galega os topónimos son o eixe de moitos poemas de *Cantares gallegos* (López Sáñez 2008), ou *Mar de Lira*, de Francisco Fernández Naval, e de libros como *Cántico dos topónimos esdrúxulos*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Para Anxo Angueira (2014) o emprego dos topónimos constitúe unha estratexia de apropiación, un espazo de resistencia, desde Sarmiento e Rosalía, a Uxío Novoneyra:

Hein d'ir ó Pía Paxaro i á Boca do Faro  
deitarme na Campa da Lucenza nun claro  
Hein d'ir á Devesa de Rogueira i a Donís  
ó Rebolo, á Pinza i ó Chao dos Carrís.  
Hein d'ir a Lousada i a Pacios do Señor  
a Santalla, a Veiga de Forcas i a Fonlor.

Angueira esclarece o modo en que O Courel d'*Os eidos* é construído como espazo de resistencia e incorporado á cartografía literaria de Galicia.

Pode que no Courel continúen eses nomes designando os mesmos lugares. Mais non ocorre o mesmo nas vilas e cidades. Onde había carros facendo renxer as súas rodas





nas corredeiras, hoxe hai edificios e asfalto. Ninguén volverá facer estivadas rozando novas leiras, ninguén sementará nas agras millo ou liño, ninguén cruzará os vaos; non hai lebres na Leira da Lebre. Máis que laiarse por estas mudanzas, cómpre emprender accións para gardarmos a memoria antes viva nas leiras, agras, lombas e cortiñas, transmitida de boca a boca durante xeracións.

As vinte e nove parroquias de Santiago de Compostela, onde vivo, posúen nos seus lugares nomes moi suxestivos: A Curuxeira, Pai da Cana, O Roxido, Fontoade, A Amañecida, Vachao... Na Choupana, onde está a miña casa, as novas vivendas construíronse nos primeiros anos deste século sobre cento cincuenta e catro leiras que levaban cadanseu nome, entre eles, Tallo da Agra das Pedras, Eira da Palleira, Cobeliños, Lomba da Agra, Leira da Lebre, Cortiña do Pozo, Leiroas.

Voume deter no significado de *leiroa*, “leira pequena”, como *figueiroa* é figueira pequena ou *eiroa*, eira pequena. O extraordinario deste topónimo é que o diminutivo en “oa”, segundo Gonzalo Navaza, deixou de utilizarse en galego no século XI, substituído por “iña”. Quere isto dicir que *Leiroas*, aplicado a unha pequena agra, foi lembrado e transmitido por labregas e labregos ao longo de dez séculos, mil anos ou máis, cando Compostela nin sequera soñaba con ser Compostela. Cantas linguas o saborearon? Cantos primeiros bicos, ou poida que algo máis, se darían nela unha moza e un mozo no tempo da sega?

Sería unha mágoa deixar perder xoias coma estas, cómpre gardalas da mesma forma que gardaríamos un torques de ouro castrexo que, con todo, quizais teña máis posibilidades sendo material de chegar até nós que unha palabra anterior ao século XI. Coincido con Anxo Angueira en que a toponimia é unha teima. Nun poema do meu libro *Ovella descarreirada*, os topónimos da Costa da Morte exercen a resistencia, *As Escaselas* refusan ser A Curva da Anchoa:


os topónimos arrepciónense  
teiman en seguir vivos  
malia non estaren gravados  
en metal nin pedra  
senón inscritos na memoria  
cando sopra o Nordés oulean

Tallo do Vao, Cernado, Mallou  
Rego Mar, Cantorna, A Croa  
A Grixas, Chorente, Monte Rou  
As Laxes, Rebelle, Figueiroa

A documentación da microtoponimia precisa de agarimo. Mesmo entre os rexistrados hai confusións. Valentín Arias contoume que na Vilerma o equipo que entrevistou a xente do lugar transcribiu no canto de *Xistal* (lugar de xistos) Xestal (lugar de xestas). *A Pedra de Sete Grixas*, a bica do Monte de Toba, usada como fito polos mariñeiros, aparece nos mapas como “Sete Grises”, topónimo improbable. Segundo Juan López de Toba o nome de Sete Grixas referíase ás sete igrexas das parroquias que se enxergaban desde ela antes das plantacións de piñeiros e eucaliptos interromperen a vista: Toba, Cee, Sardiñeiro, Fisterra, Lires, Frixe e Pereiriña. Ao contrario que en “Grises”, Galicia é abundosa en Grixas.

A esperanza está en estudosos como Manuel Lorenzo Baleirón (2008) que recolleu en Dodro e Laíño estes “nomes (que) duraron máis que as pedras”, na mocidade e no traballo de recolleita dos topónimos polos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos centros de ensino. Así o do IES Lama das Quendas de Chantada en 2009, e outros que seguiron o seu exemplo na web *Somos paisaxe, somos vida*. Podemos termar dos nomes.

A esperanza, para termar dos nomes e tamén para coñecer a paisaxe, que é o primeiro paso para amala e preservala, está en tantos centros de infantil, primaria e secundaria que desenvolven proxectos relacionados coa educación ambiental, patrimonial e urbanística. Cómpre recoñecer o traballo do Proxecto Terra, impulsado inicialmente polo Colexio de Arquitectos de Galicia, que desde o ano 2000 chegou a máis de cen mil escolares, e recibiu galardóns tan importantes como o Premio Nacional de Urbanismo en 2010. Entre as súas publicacións máis recentes hai unha dedicada ás paisaxes galegas, *Pagus: Galicia, un país de paisaxes*.



## A VOZ DAS MULLERES E DO FEMINISMO NOS DISCURSOS SOBRE A PAISAXE

As mulleres fomos durante moito tempo unha parte invisíbel da paisaxe, e non só da paisaxe. Ou en todo caso personaxes secundarias que, entre bastidores, levaban a cabo accións, como parir, aleitar, coidar de nenas e nenos, das persoas vellas, dos doentes, cociñar, lavar a roupa, coser, indispensábeis para o territorio, a paisaxe, o país, seguir existindo, mais que nunca ou raramente tiñan presenza no discurso.

A paisaxe, e non só a paisaxe, era interpretada, representada, a través da lente da ideoloxía patriarcal. Vemos o mundo a través de representacións que constitúen un veo que dificilmente podemos alzar para ollar doutro modo. Tanto, que moitas persoas non teñen conciencia deste filtro que se interpón entre a contorna e nós. A pegada humana que transforma o territorio en paisaxe foi entendida como a dos “homes”, a masculina.

Os textos galegos clásicos non se subtraen a esta ollada. No “Ensaio sobor da paisaxe galega”, Otero Pedrayo cita como fontes de autoridade vinte e tres autores varóns que forman parte do seu universo cultural, algúns xeógrafos ou xeólogos, a metade poetas ou narradores, como Blake ou Virxilio, e unha única autora, Rosalía. Deste universo cultural as mulleres están ausentes. Rosalía, porén, non é recoñecida explicitamente por Otero –malia ser a súa unha visión rosaliana– como creadora da noción da paisaxe galega, afirmando a súa beleza, senón mencionada en relación co val ullán e o Sar “nos devalares e escenarios amados de Rosalía” (Otero 1955: 67), é dicir, en referencia a un territorio dado. Aínda que hoxe nos sorprenda esta ausencia de recoñecemento, a relevancia política da obra rosaliá foi ignorada ou ocultada até os anos 1980 (López Sánchez 2008). Podemos interpretar que cando Otero fala das accións humanas como as “obras dos homes” está utilizando un xenérico, mais as dúas alusións á presenza de mulleres revelan estereotipos: falando do sol e da lúa, cita uns epigramas de Huyghens dedicados “ás infidelidades de Selene ou Hécate” (Otero 1955: 50); máis adiante unha metáfora sobre as calcarias descríbeas “espidas e belamente avergoñadas como ninfas ou mociñas ao saír do baño” (Otero 1955: 57). Non se trata de vulgar unha obra escrita en 1954 cos criterios de hoxe en día, senón poñer de manifesto a ubicuidade das representacións no marco das ideas patriarcais.


O feminismo, e particularmente o ecofeminismo, cuestiona outros aspectos da visión tradicional da paisaxe alén de non ter en conta as mulleres, así os discursos que presentan a paisaxe como un recurso a ser cartografado e apropiado, ou a proxección dos valores e necesidades humanos na natureza. Na súa análise da poesía galega e irlandesa, Manuela Palacios (2005; 2011) apunta á representación, en Yeats e Otero, da paisaxe rural ancorada nun imaxinario celta, como unha idílica Arcadia; a vida nas aldeas sería unha perdida idade de ouro sen conflitos sociais. Notemos que esta visión non é, como apuntabamos máis arriba, a de Neira Vilas, autor plenamente consciente dos conflitos entre caseiros pobres e donos. Santiago Lamas e Afonso Mato (2016), no seu ensaio seguindo as peregrinaxes da xeración Nós, tamén consideran antimoderna a idealización da Galicia rural do Antigo Réxime por parte de Otero.

Segundo Palacios, as poetas mulleres galegas e irlandesas elaboran un discurso innovador que establece coa natureza unha relación dialóxica, unha nova transformación cultural da paisaxe. “Ao escribir poesía, as mulleres [galegas] convértense nos suxeitos falantes dos seus textos e non unicamente nos obxectos das recreacións masculinas da feminidade” (Palacios 2005: 163). Un exemplo desta innovación é, para Manuela Palacios, a forma en que Chus Pato desarma a oposición cultura/natureza, que decote identifica natureza coas mulleres, mostrando as mulleres como creadoras de cultura, e recoñecendo a descontinuidade coa natureza e a agricultura n’*A ponte das poldras*:

Ao igual que todas as mulleres que me precederon e que encetaron o seu canto nas vendimas ou nas segas, nas luminiscentes e cegadoras senras –como cobra saltarina, como cobra– eu, a primeira entre todas elas que non sei cavar, nin segar, nin vendimar, quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística: ESCRITA

En *Casa pechada*, Luz Pichel rexistra os medos e frustracións da vida das labregas, nun poema no que resoa o “tecín soa a miña tea” de Rosalía:

Esa muller leva toda a vida plantando as mesmas coles  
cravando na terra os mesmos chuzos



deitándose cos homes ao pé do regueiro, parindo soa  
ao pé dun regueiro.  
Ás noites ouvea polos camiños e ninguén a escoita.  
Agora ten unha filla que aprendeu a ler.

As poetas galegas cuestionan os roles asignados ás mulleres. N’*O deserto* María do Cebreiro dálles voz ás mulleres silenciadas como Agar, ergue unha poética que toma distancia das mitoloxías da maternidade:

A diferenza das nais, ela  
concédelles cadanseu espazo ao sangue e ao seme.  
Sabe gozar da potencia infinita desa división e ao separar  
cada un dos espazos, na práctica libéraos. Por iso desconfía  
dos poderes sagrados da lactancia, ao tempo que recoñece  
a participación do leite na potencia do trigo. O deserto  
é infinito e os fillos non son vosos.

En contraste coas representacións tradicionais da paisaxe, que Palacios caracteriza como baleiras da presenza humana, a poesía das mulleres galegas está habitada por persoas con nomes propios, veciñas e antepasadas, reais ou míticas, en Chus Pato, avoas en Ana Romaní e Marta Dacosta, mulleres limpando chapapote como Lola de Aguiño, no poema de Xela Arias citado máis arriba. É un trazo da poesía das mulleres e tamén da poesía recente de homes como Anxo Angueira, que recoñece as veciñas e veciños colaborando para erguer “O valo de Manselle”. A relación coa natureza das poetas galegas é complexa: “Problematizan o privilexio epistémico, é dicir a crenza en que a súa experiencia de primeira man fornecerá o coñecemento crítico para comprender a súa opresión. As súas protagonistas non son triunfantes heroínas ecofeministas e, máis que epifanías, experimentan dificultades na articulación dos seus valores” (Palacios 2011: 6).

As mulleres creamos pois paisaxe coa escrita, como fixo Rosalía de Castro, a quen debemos en primeiro lugar a creación discursiva da paisaxe galega, e tamén a que López Sánchez (2008) denomina a reivindicación paisaxística de Galicia en *Cantares gallegos*. O feminismo crea unha nova paisaxe galega, onde as mulleres ocupan o seu lugar. E as poetas galegas son conscientes das nosas paisaxes estaren ameazadas,


como reconece o ensaio de Manuela Palacios e María Xesús Nogueira “Endangered landscapes” (2014), vencellando explicitamente en moitos casos a degradación da natureza coa opresión das mulleres, a defensa da natureza co feminismo. Estas autoras analizan como no novo discurso alternativo na poesía das mulleres galegas sobre a paisaxe a natureza toma a palabra, é un suxeito que fala, non simplemente unha construción humana. *Nove*, o poemario de María Lado, alude a novembro –o mes da marea negra do Prestige–, unha illa imaxinaria na que “hai paisaxes coma coitelas”:

así doe novembro.  
así doen as moas apretadas contra ti, coma un barco,  
unha traxedia para un pobo  
ou o recordo dun membro fantasma. doe  
porque non te das ido aínda que marcharas,  
e non hai bálsamos para o baleiro dun amputado.

Outra traxedia recorrente que ameaza a paisaxe galega son os incendios, arrasando unha e outra vez as fragas nas que a teimosía dos galegos e galegas planta árbores unha vez e outra. No meu libro *Mudanzas* inclúese “Arde o Pindo”:

nos días en que a cinza encontrou o limiar  
da nosa lingua  
os enxames de lagostas fuxiron  
ao son da pandeirada de Nebra  
as ás do deforme anxo de lume  
bateron no Pindo  
ardeu a pedra incombustíbel

escravella a toupa de fogo  
os seus túneles por baixo das árbores  
plantadas pola man de meu pai  
el volve morrer con cada árbore derrubada  
eis a gadoupa do anxo esgazando a paisaxe  
asinando nas mans, nas gorxas  
nas casas onde non achou  
as marcas do sangue



## RESISTINDO COMO AS PLANTAS VENTUREIRAS

*Ventureira* é unha desas palabras galegas intraducíbeis, como *termar*. É sinónimo de silvestre, e ademais, diga o que diga a etimoloxía, leva un arrecendo a ventura, a aventurada, a venturosa. Antes de poñer o ramo a este ensaio volvendo ás paisaxes invisíbeis, cómpre detérmonos uns intres na teimosía das plantas ventureiras.

Certo que as voces dos carballos, dos soutos de castiñeiros, das bidueiras, capudres, acivros, pradairos e faias tamén contribúen ás harmonías da paisaxe. As beiras dos ríos no outono non serían iguais sen o lóstrego avermellado das vimbieiras. Porén, quero chamar a atención sobre a necesidade de atender ás plantas ventureiras. Queremos seguir escoitando nos montes galegos o diálogo entre as chorimas dos toxos e as floriñas moradas das queiroas. Como as brañas e os humidais, tamén o mato é considerado improdutivo. Porén, quen isto pensa descoñece a súa importancia ecolóxica. Dicía o edafólogo Francisco Guitián Ojea que ter toxos nun monte é como ter cartos nun banco, debido á fixación do nitróxeno no solo destas e outras plantas leguminosas, grazas á simbiose con bacterias nas súas raíces. Noutrora foi utilizado para estrar as cortes e fertilizar logo as agras, e os seus tenros rebentos como mantenza dos cabalos, funcións hoxe perdidas. En Toba recoller eses gromos novos para baixalos no carro era chamado *apañar a primavera*. Necesitamos as plantas ventureiras nos montes ou será imposible apañarmos a primavera.


Sabugueiros, espiños, roseiras, abruñeiros, pereiras bravas e outras plantas silvestres tiñan acubillo nas sebes; aquí unha chamada de axuda en *Abecedario de árbores*:

ouh Eduardo Manstesoiras  
ven, esnaquiza os rebentos  
de formigón e tixolo  
que escorrentan as sebes  
do espiño

Das plantas ventureiras debemos aprender a resistencia. Resiste o sabugueiro, debruzándose por riba dun enreixado ou aniñado entre os valos, a acometida do cemento en vilas e cidades. Se hai en Compostela unha parroquia chamada

Sabugueira, é por seren os sabugueiros máis antigos na cidade que as murallas. Temos que deseñar os novos parques e xardíns botánicos das cidades de modo que neles acouguen as plantas de noso. Adornan máis que as chamadas ornamentais e non imos resignarnos a gardar o seu nome unicamente nun topónimo. Como iamos preparar a auga da noite de San Xoán sen as súas flores? Malia ser pequena é talvez a arboriña á que se atribúen máis calidades medicinais e poderes máxicos. Hans Christian Andersen receiptaba té de sabugueiro aos nenos e nenas doentes dos seus contos. En tempos recentes Joanne K. Rowling usou a súa madeira para a “Elder Wand”, a máis potente varíña máxica do mundo de Harry Potter. E volvendo da literatura ás ciencias, das súas bagas mouras aliméntanse bolboretas como a falena do sabugueiro ou a pavón.

Hai unha pequena árbore ventureira pola que confeso especial predilección, o abruñeiro. Escollina para ser plantada co gallo do acto “A escritora na súa terra”, ou Letra E da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG); non foi doado conseguila e nunca o lograría de non a localizar Xaquín López Facal. Nese acto encomendeime, e sígome encomendando, ao abruñeiro, unha árbore ventureira, que vive en liberdade. Por certo, coma os seres humanos, precisa un compañeiro ou compañeira para dar froitos. O abruñeiro é unha ameixeira brava inzada da rebeldía das espiñas e da sutileza das flores de cinco pétalos, que cobren a árbore de branco cando aínda non ten follas. O sabor dos froitos é intenso, acedo, todo o contrario do insípido pensamento único. Prefiro o abruñeiro por ser unha árbore rebelde e insubmisa, apropiada para as mulleres que saben apañar flores mais tamén, como Rosalía, utilizar as espiñas do pensamento crítico. Aínda usado como patrón dos enxertos e hoxe en retroceso ante as tuías, o abruñeiro, porén, resiste no monte. Como a lingua galega resiste nas rúas, pois hai xente nova termando dela. Ameazada por cemento, desleixo e cobiza, mais aprendendo das plantas ventureiras, a paisaxe galega, se seguimos termando dela, resiste.





## A PAISAXE INVISÍBEL

Garda a paisaxe memorias que non vemos, mais que forman parte da súa cerna. Así a do banquete de Conxo, unha carballeira de Santiago de Compostela. Así, no porto de Vigo, o suicidio colectivo dos oito homes e unha muller a bordo do Bou Eva, en 1937, e outras escollas da morte no océano antes que a mans dos fascistas, como a cantada por Xosé Luís Méndez Ferrín:

Como fuxen os escalos  
esvarando na area uniforme da foz,  
vosoutros escolliche-la fuxida.  
A foz xa nunca máis vos mirará.  
Nunca máis seredes xente de antre nós.  
Antre nós unha esperanza xurde agora.

Encontramos de novo as pegadas de sangue da muller descoñecida. Tres meses despois da primeira entrevista aprendemos o seu nome: Dolores, Lola Blanco. É súa filla Lola Rodal Blanco quen narra, interrompéndose con saloucos, a Andrés Domínguez Almansa o que ocorreu aquela noite de agosto de 1936, primeiro en Cangas e despois no Pozo da Revolta:

E pum, pum, pum na porta, eran as dúas da mañá, Baje! Mamá baixou co camisón de dormir, descalza, e un mandilón. Venga con nosotros. Deixe que me vista. Non, non fai falta. E ao chegar ao quiosco, pararon e había un coche cunha chavala, e dicíalle non chore, señora, non chore, aí pois a min traénme de Marín e non me fixeron nada, dicir porcalladas si... miña nai xa tiña cincuenta e dous anos... e a rapaza era nova, vintetantos.

Era un coche grande e a dicir porquerías, miña nai iba chorando ai dios mío miñas filliñas... e antes de chegar a aquela volta de Marín, hai unha recta e hai uns camiños que van para a praia, aí nesa recta pararon os coches, había monte pra aquí e monte pra arriba e mamá xa desconfiou.


Camine, camine usted e sentiu a detonación do tiro e o grito da outra. El claro, el non a matou porque non quixo. Marche señora, marche e no aparezca más en

Cangas. Tirar tirou, a bala atravesoulle o brazo izquierdo... O caso é que disparou e mamá co impacto pois caeu, perdeu o conocimiento e cando sentiu arrancar o coche, descalza, desnuda... Cando despertou estaba sangrando todo, e ela rompeu unha tira do camisón e envolveu o brazo e tira monte arriba.

Nin sabía onde estaba, ai dios mío onde vou ir agora. Xa empezaba a vir o día. Ela quería lavar aquela ferida, baixou á carretera e sentiu o oleaxe do mar, sentiu unhas voces, eran uns mariñeiros tirando os aparellos... Pero puxeron un medo tan grande, a quen lle encontraran un escapado... Ai señora nós non podemos acollela.

Porén, vencendo o medo tan grande, houbo quen lle foi indicando o camiño para volver de Marín a Cangas, a través do monte, quen a acolleu durante os tres días en que foi escondéndose dun lugar a outro, tecendo unha rede de solidariedade. A súa filla gardou a memoria para nós a incorporarmos á paisaxe galega, para escribirmos nela o nome de Dolores Blanco, redeira, afiliada á CNT, dirixente de *La Reivindicadora*. Termar da memoria, termar dos nomes. Exercer a resistencia.


Tras Espiñeira, Compostela, 27 de novembro de 2016,  
no cabodano de Xosé Neira Vilas,  
no centenario das Irmandades da Fala.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS


- Aleixandre, Marilar (2001): *Teoría do caos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2007): “Arde o Pindo”, en *Mudanzas*. Santiago de Compostela: Pen Clube de Galicia / Danú.
- (2014): “Os topónimos arrepoñense”, en *Ovella descarreirada*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2016): “Precisa a Ribeira Sacra dun Wagner?”, *Sermos Galiza* 195, 6, 12/V/2016.
- Álvarez Cáccamo, Xosé María (2010): *Cántico dos topónimos esdrúxulos*. A Coruña: Espiral Maior.
- Angueira, Anxo (1996): *O valo de Manselle*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2014): “Literatura, paisaxe e toponimia: outra vez Sarmiento”, *Madrygal* 17, 153-161.
- Arias, Xela (2003): “Never more”, en Antón Avilés de Taramancos *et al.*, *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Vigo: Espiral Maior / Edicións Xerais de Galicia.
- Bajtín, Mijaíl Mijailovich (1986): *Problemas de la poética de Dostoevski*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Beiras, Xosé Manuel (1972): *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Berque, Augustin (2008). *La pensée paysagère*. Paris: Archibooks.
- Cabanillas, Ramón (1915): “A fouce esquecida”, en *Vento mareiro*. [s.l.: s.n.]. (Reedición: *Obra Completa*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, 1959).
- Carson, Rachel (1962): *Silent spring*. Boston: Houghton Mifflin.
- Casares, Carlos (1968): *A galiña azul*. Vigo: Galaxia.
- Castro, Rosalía de (1863): *Cantares gallegos*. Vigo: J. Compañel.
- (1996): “Las literatas. Carta a Eduarda”, en *Obra completa*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro, 493-495. (Publicado orixinalmente en *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado á todas las bellas hijas del pais*, Lugo, 1865, 56-58).
- Creus Andrade, Estevo (1996): “E así”, en *Poemas da cidade oculta*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Darwin, Charles (1859): *On the origin of species by means of natural selection*. London: John Murray.
- Díaz-Fierros Viqueira, Francisco (2002): *Un ensaio sobre a historia ecolóxica de Galicia: o aproveitamento do solo*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2003): “A paisaxe, un diálogo coa natureza desde o sentimento e a razón”, en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (eds.), *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 209-217.
- Domínguez Almansa, Andrés (2006a): “Entrevista a Arturo Mallo Caeiro”, en Lourenzo Fernández Prieto (dir.), *Nomes e Voces. Proxecto de Investigación Interuniversitario*. Fondo Mallo Caeiro, 2101.
- (2006b): “Entrevista a Dolores Rodal Blanco”, en Lourenzo Fernández Prieto (dir.), *Nomes e Voces. Proxecto de Investigación Interuniversitario*. Fondo Rodal Blanco, 2188.
- Dopico, Montse (2012): “Arrancaban os mozos do agro e metíanos á forza no fronte da guerra [Entrevista con Xosé Neira Vilas]”, *Praza Pública* 16/IV/2012, <http://praza.gal/cultura/655/larrancaban-os-mozos-do-agro-e-metianos-a-forza-no-frente-de-guerrar/>
- Fernández Ferreiro, Xosé (1978): *Morrer en Castrelo do Miño*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández Naval, Francisco (2005): *Mar de Lira*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ferreiro, Celso Emilio (1962): *Longa noite de pedra*. Vigo: Salnés.
- González, Helena (ed.) (2001): *A tribo das baleas: poetas de arestora*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Gutiérrez, Francisco e Juan Ramón Vidal Romaní (2011): “La explotación de la pizarra en Galicia y sus impactos ambientales”, *Tierra y Tecnología* 39, 40-42.
- Habermas, Jürgen (1981): *Teoría de la acción comunicativa*. Madrid: Taurus.
- Kafka, Franz (1904): “Carta a Oskar Pollak”, 27 de xaneiro de 1904.
- Lado, María (2008): “así doe novembro”, en *Nove*. A Estrada: Edicións Fervenza.
- Lamas, Santiago e Afonso Mato (2016): *De camiños, viaxeiros e camiñantes*. Vigo: Galaxia.




- Lois González, Rubén C. e Valerià Paül Carril (2016): “La mutante lectura geográfica de las montañas gallegas: de su «dificultad de estudio» a «periferia en muy acusada crisis»”, en José Fernando Vera Rebollo, Jorge Olcina Cantos e María Hernández Hernández (eds.), *Paisaje, cultura territorial y vivencia de la geografía. Libro homenaje al profesor Alfredo Morales Gil*. Alicante: Universidad, 213-247.
- López Abente, Gonzalo (1965): *A terra e a poesía de Pondal*. A Cruña: Real Academia Galega.
- López Sánchez, María (2008): *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia.
- López Silvestre, Federico (2004): *El discurso del paisaje. Historia cultural de una idea estética en Galicia (1729–1931)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- (2009): “Cara a unha teoría integral da paisaxe”, en Francisco Díaz-Fierros e Federico López Silvestre (coords.), *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 93-104.
- (2011): “¿Es el paisaje simple reconocimiento? Sobre mis problemas de atención en Barbizon”, en Toni Luna e Isabel Valverde (eds.), *Teoría y paisaje: reflexiones desde miradas interdisciplinarias*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 89-102.
- Lorenzo Baleirón, Manuel (2008): *Toponimia de Dodro e Latño: os nomes da auga*. Dodro: Concello.
- Manuel Antonio (1928): “Guarda de 12 a 4”, en *De catro a catro*. A Cruña: Nós. (Reedición en Vigo: Galaxia, 1982).
- Manuel María (1996): “Poema da paisaxe do Miño”, en *O Miño canle de luz e néboa*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2003): *Poesía e paisaxe na Terra Chá*. A Coruña: Real Academia Galega.
- María do Cebreiro (2015): “O sangue”, en *O deserto*. A Coruña: Apiario.
- Mato Fondo, Miguel A. (1998): *A escrita da terra. Configuración do espacio natural na literatura galega*. A Coruña: Espiral Maior.

- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1980): “Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror”, en *Poesía enteira de Heriberto Bens*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Neira Vilas, Xosé (1961): *Memorias dun neno labrego*. Vigo: Galaxia.
- (1980): *Galegos no Golfo de México*. Sada: Edicións do Castro.
- (1991): *Guerrilleiros*. Sada: Edicións do Castro
- (1994-1996): *Memoria da Emigración*. 3 vol. Sada: Edicións do Castro.
- (2001): *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2012): *Esperando ao leiteiro*. Vigo: Galaxia.
- (2013): “Obra de xuventude”, en Denís Vicente (ed.), *Homenaxe a Neira Vilas. 50 anos da publicación das Memorias dun neno labrego*. Vigo: Galaxia, 10-13.
- Novoneyra, Uxío (1955): *Os eidos. Terras outas e soias do Caurel*. Vigo: Galaxia.
- Novoneyra, Uxío, Federico García Cabezón e Emilio Araújo (1999): *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes*. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- Otero Pedrayo, Ramón (1926): *Guía de Galicia*. Madrid: Espasa Calpe (5ª edición, Vigo: Galaxia, 1980).
- (1931): *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*. Santiago: Nós.
- (1955): “Ensaio sobor da paisaxe galega”, en *Paisaxe e cultura*. Vigo: Galaxia. (Reedición: 2009: Amoeiro- Ourense: Fundación Otero Pedrayo, 47-105).
- Outeiriño, Manuel (1994): “Fernbild”, en *Depósito de espantos*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Palacios González, Manuela (2005): “How green was my valley: The critique of the picturesque by Irish and Galician women poets”, *Feminismo/s* 5, 157–175.
- (2011): “Landscape in Irish and Iberian Galician poetry by women authors”, *CLCWeb: Comparative Literature and Culture* 13(5). doi.org/10.7771/1481-4374.1905.



- Palacios González, Manuela, e María Xesús Nogueira (2014): “Endangered landscapes: Poetic interventions in Ireland and Galicia”, en César Domínguez and Manus O’Dwyer (eds.), *Contemporary developments in emergent literatures and the new Europe*. Santiago de Compostela: Universidade, 185-205.
- Pato, Chus (1996): “escuro”, en *A ponte das poldras*. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- Pardo Bazán, Emilia (1882-1883): *La cuestión palpitante*. Artigos publicados en *La Época*.
- Parga Pondal, Isidro (1960): *Discurso leído en el acto de su recepción por Isidro Parga Pondal y contestación del Dr. D. Luís Iglesias Iglesias. [Observación, interpretación y problemas geológicos de Galicia]*. A Coruña: Real Academia Galega. (Reproducido en *Notas y Comunicaciones del Instituto Geológico y Minero de España* 59, 333-358).
- (1980): “Palabras inaugurales”, *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 1, 11-13.
- Paül Carril, Valerià (2015): “A Limia. Lagoa de Antela”, en Proxecto Terra 2015: 79-82.
- Paül Carril, Valerià, e Sabela Labraña Barrero (2013): “As paisaxes do mar galego: unha liña interpretativa crítica”, *Semata: ciencias sociais e humanidades* 25, 29-62.
- Paül Carril, Valerià, Xosé Manuel Santos Solla e Miguel Pazos Otón (2015): “The ambiguous geographies of protected areas in Galicia”, *Ambiente y Desarrollo* 19(36), 61-77.
- Paül Carril, Valerià, Joan Tort i Donada e Alexis Sancho Reinoso (2011): “Marco conceptual”, en Fernando Molinero Hernando, Juan Francisco Ojeda Rivera e Joan Tort i Donada (eds.), *Los paisajes agrarios de España: caracterización, evolución y tipificación*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio rural y marino.
- Pichel, Luz (2006): “Sachando na horta”, en *Casa pechada*. Ferrol: Sociedade de Cultura Valle Inclán.

- Proxecto Terra (2015): *Pagus: Galicia, un país de paisaxes*. A Coruña: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Río Barja, Francisco Xavier (1983): *Interpretación xeográfica da paisaxe compostelana*. A Coruña: Real Academia Galega. Edición dixital: <http://academia.gal/documents/10157/27090/Francisco+Xavier+Rio+Barja.pdf>
- Rodríguez Baixeras, Xavier (1981): “Crepúsculo ao pé do Monte Pindo”, en *Fentos no mar*. Sada: Edicións do Castro.
- Roger, Alain (1997): *Court traité du paysage*. Paris: Gallimard.
- Romaní, Ana (2010): “Eu vinas rebentar as pontes”, en *Estremas*. Vigo: Galaxia.
- Sumai, Anxos (1997): *Así nacen as baleas*. Vigo: Galaxia.
- Taboada, Pablo (2013): “Canteras de pizarra secan seis kilómetros de ríos en Valdeorras”, *El País* 21/VII/2013.
- Torres, Xohana (2001): *Eu tamén navegar*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Villar, Miro (1992): “Mírote na xanela nocturna perfilada”, en *Ausencias pretéritas*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2011): “A tempestade”, en *As crebas*. A Coruña: Espiral Maior.
- Villar Janeiro, Helena (2013): “A lenda aínda está por escribir”, en *Versus cianuro. Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto*. [s.l.]: A. C. Caldeirón.







Resposta da excelentísima señora dona  
Fina Casalderrey





Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega,  
señoras e señores académicos, amigas e amigos:

De entre todas as encomendas que como académica me poden ser asignadas, esta de hoxe é das máis gratas. Ser eu quen, simbolicamente, lle abra as portas desta Institución centenaria e lle dea a benvida como académica de número, a María del Pilar Jiménez Aleixandre –Marilar Aleixandre–, non é para min un deber ou una obriga, senón unha honra que cumpro orgullosa e conmovida a un tempo.

E dado que Francisca Herrera Garrido, primeira muller elixida como membro numerario da Real Academia Galega, finou antes de ingresar, podemos dicir que hoxe abrimos as portas da Academia á número sete das mulleres, como sete era o número de portas na muralla orixinal da cidade que nos acolle (Santiago de Compostela), segundo se describe no *Códice Calixtino*. Outrosí, sete eran as cordas do instrumento que tocaba Apolo ou os ananiños de *Branca Neves* que, segundo Marilar, non eran tan ananos. Sete son os días que precisa a lúa para mudar de fase e sete son, tamén, os vagóns polos que Francisco Añón vai conducindo a Curros no seu longo poema satírico, *O divino sainete*, caricaturizando ao Virxilio, quen noutrora guiara a Dante. E sete son as marabillas do mundo ou as columnas sobre as que se ergueu o Templo da Sabedoría. De certo, son múltiples as referencias a este número, considerado máxico na astroloxía, esa ciencia antiga, ou pseudociencia, que fascinou a escritores e lectores no pasado e segue a fascinar na actualidade, quizais por esa envoltura fantástica para fabular coherentes visións do mundo.


Con todo, malia caermos seducidos nas redes da literatura e da mitoloxía en múltiples ocasións, as persoas que cremos máis na vontade do ser humano e na razón

ca en supersticións, non aceptamos que o noso destino estea gravado de antemán nalgunha estrela, senón que o temos que ir escribindo nós mesmas. Non lle temos, pois, moita lei como saber científico a esta maneira ficticia de explorar a identidade, as virtudes e o carácter dos seres humanos de cara a buscar respostas nos números ou nos astros para explicar a nosa realidade; no entanto, case comezamos a dubidar cando descubrimos que o número sete é considerado un número máxico que se corresponde con individuos con capacidade de inventiva, perfeccionistas, amantes da lectura, o estudo e as ansias de aprender; que teñen habilidades para a análise, para a investigación e para a orientación intelixente na procura do coñecemento, tendentes a proxectar a súa vida nunha esfera de idealismo e actividade intelectual. A causa está en que Marilar Aleixandre responde perfectamente a esta descrición, como puideron comprobar no discurso que vén de pronunciar.

Desculpen vostedes o atrevemento de lle dar á casualidade, de que sexa Marilar Aleixandre a sétima académica de número, efecto de causalidade, cando en realidade non responde máis ca unha argucia para expoñer, en sete trazos, unha mínima aproximación ao seu retrato intelectual e humano:

#### COMA ESTRELAS NO MAR

“Caminante, no hay camino, /sino estrellas en la mar”, con estes versos remata o poema máis popular de Antonio Machado. Coma el, vai Marilar sementando retrincos que aboian no mar da memoria. Ao volver a vista atrás, podemos contemplar un sendeiro repleto de estrelas que reverberan nos océanos da súa traxectoria vital. María Pilar Jiménez Aleixandre é unha galego-madrileña –de avós andaluces, madrileños e valencianos– que naceu en plena primavera, xusto no *Día dos Traballadores*, e vólvenos a tentación de interpretar esta data coma unha premonición. O seu pai, Miguel Jiménez Gan, era médico militar, circunstancia que influíu nos frecuentes cambios de domicilio. Del herdou Marilar ese espírito inconformista e aventureiro que a impulsa, dende ben nova, a andar polo mundo coa mochila cargada de decisión e coraxe: “invoco meu pai, o cirurxián a rachar costuras /as tesoiras esgazan a cicatriz /desbridar, chamábao el” (“Desbridar”, en Aleixandre 2016).



A súa nai, María Pilar Aleixandre Parra, muller de gran, aínda que fráxil, corazón –de feito morreu moi nova dunha grave doenza cardíaca–, malia estudar idiomas, dedicouse enteiramente ao coidado da súa numerosa familia. Esta entrega recórdana Marilar nuns versos de desgarrado e rebeldía –Derrotas domésticas de *Catálogo de velenos* (1999a)–, dos que lerei tan só un fragmento:

[...]  
que impotencia  
cando o leite fervido vai por fóra  
inevitabilmente

e se o batifundio das tixolas  
non che deixaba oír a música  
se o teu francés e alemán  
eran inútiles contra a graxa dos fogóns  
se os tubos da auga berran como nenos  
ou gaivotas e as patacas se pegan  
no fondo da tarteira  
nai  
¿Como é que estás sorrindo nas fotos?

Dela, da súa nai, ademais da habelencia para as linguas, recibiu a filla o nome, María Pilar, e o sobrenome, Marilar.

Aos poucos meses de nacer Marilar, a primeira dos sete fillos do matrimonio, seu pai foi destinado a Valladolid. Pero os recordos non comezan a tatuarse na súa memoria virxe ata estaren instalados en Ceuta. Alí, na Praza de África, a cativa de menos de dous anos, quizais incentivada polo relato que os adultos construíran do feito, grava a escena dunhas tremendas inundacións: a auga subía varias cuartas no chan da cociña e as mulleres afanábanse en botar fóra coa vasoira aquela enchente, coma quen “achica auga da cuberta dun barco asolagado pola tormenta”, di ela. “Como se pode varrer a auga?” foi unha das súas primeiras observacións científicas. Talvez esa inicial estrela no mar, que a súa inocencia desposuía de drama, teña influído en facer dela unha muller forte e destemida, malia a súa aparencia

miúda, que non só lle perdeu o medo á chuvia moi cedo, senón que sente con agarimo a paisaxe da chuvia e fai seus uns versos de Alberto Caeiro, heterónimo de Fernando Pessoa:

Um dia de chuva é tão belo como um dia de sol.  
Ambos existem; cada um como é.  
("Poemas Inconjuntos", Pessoa 1946)


De feito, para arrincar os medos que nenos e nenas lle poidan ter, crea o pequeno Chis, e –emulando o *Mago de Merlín e familia*– dótao dun máxico paraugas vermello, capaz de acabar co *Monstro da chuvia*.

Cando a nena Marilar vai á escola, xa sabe ler. Todos os fillos de dona María Pilar e don Miguel aprenderon a ler antes dos catro anos. Dona María Pilar, boa pedagoga e boa ilustradora, mentres a maioría dos escolares tratábase de descifrar códigos escritos naquel RAYAS, ela “inventara” un método máis atractivo, imitando, quizais sen o saber, aqueloutro empregado por algunhas sociedades medievais nas que o mestre escribía unha palabra nunha pequena lousa, o alumno pronunciábase e, deseguido, untaban a lousa con mel para que a lambese e engulise literalmente (Manguel 1998). O mel de dona Pilar eran os motivadores debuxos que facía, en tarxetas individuais, de obxectos que designaban as palabras que escribía ao pé dos mesmos.

Imaxino a Marilar engulindo a palabra “casa” para tirar axiña a conclusión “na casa, non”, tal como manifesta no devandito *Catálogo de velenos*, merecedor do Premio Esquíu en 1998.

Posuír unha formación sólida para emprenderen voos en liberdade, tanto homes coma mulleres, na súa familia dábase por suposto. Esa foi a razón pola que seu pai e súa nai regresaron a Madrid con toda a prole.

Nesa casa, dun vello aparador do comedor, rescatou de entre os axóuxeres o seu irmán Miguel a primeira autobiografía das emocións de Marilar Aleixandre; esa estrela no mar que lle lembra que naceu en Madrid, pola tarde, ou que comezou a viaxar tan cedo que ía metida dentro dun canastro, cal molete de pan. Dona Pilar, usurpando a personalidade da nena, fora apuntando en primeira persoa, e con



caligrafía de mestra de escola, non só os seus primeiros logros, senón algúns dos seus trazos de carácter:

Como ya sé leer me gusta mucho tener cuentos. Mamá no me ha querido enseñar a escribir; me hizo escribir palotes una semana y luego lo dejó contando no sé qué de los borrones y de los tapetes y las alfombras. Un lío.

Sé hablar bien, a veces dice papá que soy un poco redicha, no sé por qué lo dirá.

Xa poderíamos deducir de onde lle veñen os xenes para ser quen de se meter na pel dunha nena, cando fai literatura infantil.

En Madrid, unha vez rematada a licenciatura de Bioloxía, obtivo o seu primeiro traballo no departamento de Entomoloxía; porén –malia os coñecementos científicos sobre os insectos ou o seu dominio do francés e do inglés– pululaba entre os seus superiores, coma unha praga de escaravellos, a ameaza de que, debido á súa condición feminina, puidese quedar embarazada. Iso, e a súa participación nas asembleas clandestinas que comezaban a formarse na facultade, facía moi difícil abrir portas nunha universidade rancia. Opositou e rematou destinada no Instituto nº 5 do Calvario, en Vigo, como catedrática de Ciencias Naturais de Ensino Medio.

Doce anos despois, reclamada polo Ministerio, Marilar Aleixandre regresa a Madrid (1986) para traballar na Formación do Profesorado, pero o xeo de Ponte-deume e un accidente de coche, obrigárona a renunciar á Comisión de Servizos e devolvérona definitivamente a Galicia. En principio traballou no Instituto de Ciencias da Educación e logo, e ata hoxe, como Catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade de Santiago de Compostela.

#### UNHA *PUELLAE DOCTAE* DAS CIENCIAS E DAS LETRAS

A curiosidade e capacidade de Marilar Aleixandre abarcan as máis variadas manifestacións dos saberes, de tal xeito que nada relacionado co ser humano resulta alleo aos seus intereses. A súa ampla traxectoria, tanto científica coma literaria, fainos ter por seguro que, se vivise a finais do séc. XV, sería unha desas emancipadas antepasadas das universitarias do séc. XX, mozas de exquisita formación das que



sabemos por historiadores clásicos como Estrabón, integradas nese Renacemento que permitiu o rexurdir da educación feminina (Borreguero 2011). Na casa, non.

Se para Marilar Aleixandre a literatura é un mapa de paisaxes mutantes capaces de enganar o tempo, un mapa debuxado con diferentes lapis da imaxinación, na súa paleta de cores caben as máis variadas tonalidades. Figúraseme vela exercendo de alquimista, mesturando o vermello da cochinilla co violeta do insecto laca, ou o verde do arsénico co branco do titanio, para obter cores novas e, de maneira natural, conxugar a tradición co novo nunha sorte de Sherezade, non só capaz de inventar mil e unha historias, senón de coser, co seu propio relato, unha serie de historias de diferentes autores e autoras, como foi o caso d' *Imos xuntos camiñar* (Aleixandre 1999b).


E nese camiñar xuntas, fun testemuña admirada de ver a Marilar deterse un instante, coller unha planta minúscula ou un becho no que ninguén de nós reparara e descubrirnos moreas de características. A súa profesión de bióloga é unha vocación que lle agroma do ADN da alma nos seus escritos.

Poño por caso, eu, coma Karl, un dos personaxes de *Karl e Charles no Red Lion* tampouco non sabía o significado de *arneiróns*, pero Marilar puxo en boca de Charles a resposta:

“Son esas pequenas cunchiñas, como grans en miniatura, do tamaño dun grao de arroz, que cobren as rochas nas praias. Dediquei oito dos mellores anos da miña vida a escribir catro volumes sobre eses seres aparentemente insignificantes” “Ah! É probable que vostede e mais eu esteamos de acordo en que ningún ser é insignificante”, respondeulle Karl.

Mais o seu desexo de coñecer non se limita ás ciencias ou ás letras, calquera das ramas da arte entra nesa súa paleta de saberes. Poño por caso, posúe unha sólida formación musical e ten especial querenza polo rock e pola música afroamericana.

Non é pois de estrañar que a organización do Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra acordase, en febreiro de 2013, homenaxear a esta *Puella Doctae* como autora con recoñecida obra literaria, en galego, nos eidos da Literatura Infantil e Xuvenil. Tiña que ser, por forza, ese ano, cando o lema do Salón foi A TODA MÁQUINA, que semella apreixar a máxima vitalidade e a enerxía posibles para mover o mundo.



## EXPLORADORA E AVENTUREIRA

nacín cun billete de metro nos dentes, /antes dos nomes das árbores /aprendín os das estación (“O metro e a medida”, Aleixandre 2016).

Marilar Aleixandre, cal Exeria da antiga Gallaecia, explorou diferentes xeografía e culturas que lle permitiron beber na literatura oral e na escrita. Foi rata de biblioteca que soubo achegarse, de ti a ti, a Rosalía, Cunqueiro, Casares, Sylvia Plath, Ovidio, Cervantes, Defoe, Italo Calvino, Lewis Carrol ou Exupéry, por nomear algúns; e foi elefante africano de poderoso olfacto, capaz de percibir os máis minuciosos recendos onde hai vida.

Talvez porque con oito anos xa sobrevivira a nove mudanzas, e atraída polo que as viaxes teñen de descubrimento, rematado o bacharelato –con Premio Extraordinario–, emprendeu unha viaxe por Europa en auto-stop. Dende adolescente está convencida de que as vilas e as cidades, igual que a casa onde vivimos, están para sentirmos saudade delas e mesmo para termos a onde regresar das viaxes, non para permanecermos de por vida atrapados nelas coma nun cárcere. Na casa non. É por iso que xa daquela, e grazas ao cine, soñaba con viaxar ao interior de *West Side Story* para danzar cos Sharks e os Jets e para que un Romeo moreno a sacase a bailar e a bicase baixo os enramados metálicos da escaleira de incendios e experimentar, así, o gozo dun amor sen barreiras. Ser ela a Natalie Wood do filme musical ou a Xulieta de Shakespeare que o inspirou.

Emilio Salgari foi o primeiro responsable de que a nena Marilar se convertese no Príncipe de Malaisia e chegase ata a illa de Xava, entre xuncos de estrañas vetas suxeitas con bambú, alimentándose deses parentes dos ourizos que semellan cogombros de mar, as holoturias, e outras “exquisiteces”. Talmente o verdadeiro Sandokán a quen a devoradora de libros quería suplantar.

Ese seu espírito aventureiro levouna a asistir á “Caravana” de Ángel Álvarez para enchouparse de rock.

Birmania, coas súas cidades fantasma e os mil templos abandonados, foi outro dos seus destinos soñados. Todo isto cóntao a propia protagonista nunha

deliciosa intervención en Verines, no ano 1997, onde tiven a sorte de coincidir con ela, como noutras moitas ocasións, e onde fora asiduo e admirado participante Carlos Casares.

Contaba Marilar, no devandito relatorio, que en Birmania estaba prohibido vender mapas e planos das cidades. “E é que os mapas –concluía– e a literatura é un deles, son material altamente subversivo”. Ela mesma é subversiva, practica a subversión cultural, ao alterar a inxustiza social.


E a onde non puido chegar, mandou os seus personaxes, na convicción de que nada é máis eficaz para abranguer territorios inexplorados ca o mapa da literatura elaborado pola imaxinación de cadaquén.

Desexaba Marilar, poño por caso, navegar polo Amazonas, captar o recendo de cada planta da selva, percibir os sons dos animais, do vento... e enviou a Emilia, a protagonista d’ *A expedición do Pacífico*. Por certo, este Premio Merlín foi tamén merecedor do Premio da Crítica Galega, un feito insólito se temos en conta que foi a primeira vez que se lle concedía a unha obra de autoría feminina e a primeira, a un libro encadrado dentro da chamada Literatura Infantil e Xuvenil. Marilar Alexandre, outra vez colaborando de maneira activa en facer visible o invisible.

A Portugal e Irlanda manda a Sabela e a Nito, o cazador de ratas, para salvar os peneireiros cinsentos, unha especie protexida.

A Lobeira, esa vila imaxinaria, inzada de referencias míticas, situada dacabalo entre o vivido e o soñado, entre a nostalxia e a fantasía, entre o presente e a memoria que volve literatura o relato do pasado, mandou os personaxes, creados pola fascinación, non polo odio, de *Lobos nas illas*.

“Hai quen pensa que os escritores levamos unha vida aventureira, pero eu non viaxei en *zorra* polo Ártico, aínda que confío en facelo algún día. Mentres tanto escribo poemas, contos e novelas”, dinos. Non teño dúbida de que, se non o fixo aínda, calquera día cruzará Rusia no transiberiano e navegará polo Ártico nun deses vehículos de esvarar sobre a neve, para rescatar de entre a brancura fría un abrocho de flor; mandará algún dos seus personaxes por diante para pillar o ceo cos pés como enviou a Carlota, a d’ *A banda sen futuro* (Premio Lazarillo 1999), a Fa, a d’ *O chápiro verde*, ou a Sofía a d’ *A cabeza de Medusa* (Premio Fundación



Caixa Galicia 2008)... Todas elas, anaquiños dunha Marilar aventureira, leoa e devoradora de libros que seguirá a explorar o universo. Na casa non. Non sempre.

En múltiples ocasións, a súa resposta a unha chamada chégame nun correo dende Brasil, Nova York, Marsella... Iso si, sempre rápida, próxima, xenerosa e resolutiva, ata o extremo.

#### COS PÉS FÓRA DO PRATO PARA APAÑAR A PRIMAVERA

En 2003, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega outórgalle a Marilar Aleixandre o “E” de escritora. Tamén daquela, coma hoxe, escolleu Santiago de Compostela para plantar a súa árbore, unha ameixeira brava, rebelde e insubmisiva, que combina espiñas e flores con froitos de sabor intenso e que “resiste no monte, como resiste o galego nas rúas”, di.

Marilar, ademais de exemplo de constancia e competencia, é muller decidida, reivindicativa e comprometida con esa rebeldía que foxe da rutina para desmentir a primavera; que saca acotío os pés do prato para atrapar con eles o ceo e escribir o futuro, dende unha liberdade descolgada de imposicións. Sabe que nada é definitivo e irremediable. Ela mesma é a transgresión que anula a orde que pretende forzarnos a avanzar nunha soa dirección, cal sombra errante navegando polo Aqueronte. Xa de cativa a irritaba o comentario de que seu irmán Miguel –a quen a une unha complicidade especial– acabaría gañándolle ao xadrez polo feito de ser home.

Son quen de imaxinala alá polo 1968, con vinte e un anos, participando na loita política contra o franquismo, “axaldando a lírica en panfletos” para, “a lombos de multicopistas roubadas”, repartilos de madrugada nas fábricas do cinto industrial de Madrid; ou fuxindo entre os coches daqueles gardas con metralleta, o 1 de maio.


Marilar ten moito desa *Ovella descarreirada* (2014) que aparece nun dos seus libros de poemas. Tamén ela renega das pombas equivocadas que confunden trigo e auga, das tradicións que asoballan e sae do rego para rabuñar versos na palma da man e ir, poño por caso, apañando frangullas daquel simbólico *Banquete de Conxo*, no empeño de traer á luz camiños soterrados. Unha ovella descarreirada que non

quere que a “conten”, é quen de se contar a si mesma. É tamén, simbolicamente, esa sardiña que medra de máis e bota abaixo os refráns, ou unha das fanecas bravas que desafían baleas, ou o polbo que reivindica ou seu espazo na cultura. Todos eles veñen sendo a metáfora da súa propia rebeldía, movida sempre por un impulso de reescribir, e ata “describir”, as historias tal e como nolas contaron, cando estas son inxustos tratados de discriminación.

Saca os pés fóra do prato para preocuparse e ocuparse en volver contar certas crónicas con ollos de muller comprometida coa sociedade, coa cultura, coa liberdade, coa ecoloxía, coa beleza de palabra, coa lingua, coa utopía, coa diferenza, con Galicia e co mundo enteiro, nun diálogo constante no que é posible reescribilo todo. Así recrea unha Brancaneves rebelde que rexeita a mazá envelenada poñendo en boca de Álvaro, o anano máis alto, o seguinte: “Non é certo que lle dixeramos que podía quedar con nós a cambio de coidar a casa, cociñar, facer as camas e lavar. Pensades que algunha rapaza aceptaría iso?”. Por el sabemos, xa no prólogo, que son sete irmáns, si, mais non precisamente ananos.

Marilar, cal Vera Figner, ou Lisbeth Salander de Stieg Larsson, é a voz das mulleres sen voz –abonda con reparar naquela súa provocadora afirmación: “Non escribimos mollando o dedo no sangue menstrual”–. Négase a mutilar as dedas e a deixar un rastro de sangue nos zapatos, tal como fixeron as medio irmás da Cincenta. “O futuro espera que o escribamos cos pés fóra do prato”, asegura.

A nova académica chegou a Galicia disposta a apañar a primavera tal como se facía nesa aldea de Toba tan amentada por ela, por ser a terra de Ramón Facal, o seu compañeiro de camiño. A comezos de marzo subían ao monte para recolleren os primeiros rebentos de toxo que habían servir como estrume para as cortes. Os aguilóns dos toxos válenlle para derribar as paredes onde a muller permaneceu pechada demasiado tempo, e reivindica o dereito a escribir sen eses toxos e espiñas cos que houbo de o facer Rosalía.



## ESPIÑAS QUE A FERIRON PARA SEMPRE

Souben pola mesma Marilar Aleixandre que, nesa aldea de Toba (parroquia do concello de Cee, A Coruña), se cravas unha espiña de toxo, de limoeiro, de silveira... e non a extraes axiña, esta emprende unha viaxe polo sangue e percorre o corpo enteiro ata chegar ao corazón e quedar alí cravada para sempre, feríndonos como fere o amor ou a beleza, que diso ben nos ensinou o poeta Díaz Castro.

Do recendo das follas esmagadas entre os dedos do limoeiro de lúa que tiñan no patio da súa primeira casa de **Ceuta**, dos paseos coa tartaruga polo xardín das cores na segunda casa, onde viviu ata os sete anos, das longas estadias dos avós maternos, Manolita e Pepe, na casa e do medo a que, na escuridade da noite, o lobo andase á espreita no seu cuarto, proceden as primeiras espiñas que a habitan.

En **Dona Mencía**, na serra cordobesa, cravou outra espiña gozosa que percorreu a súa infancia ata quedarlle definitivamente chantada no seu músculo cardíaco. Alí transcorrían os seus primeiros veráns, os máis longos e deliciosos, corricando polo patio empedrado, apañando figos á alba, da man de seu pai, ou subindo ao monte para beber o mundo. Na casa, non. De alí garda o recendo do aceite acabado de prensar no muíño dos avós paternos e alí escoitou as primeiras historias de medo: nenos que caían nas *alpechineras*, perigosas tallas dos residuos negros, e alí comezou a súa imaxinación a transformar nun volcán en erupción o fumegante bagullo das olivas.

Dos diferentes mapas nos que habitou –algúns brevemente, como é o caso de **Donostia**, **Perugia** ou **Boston**–, leva incrustadas no corazón espiñas que non se poden explicar con termos técnicos, como tampouco non se pode explicar de maneira científica a coroa de espiñas que arrodea a sen da nena do relato *Las espinas* (1919) de Emilia Pardo Bazán. Son fenómenos que están máis alá da razón.

As dúas semanas nos **Ancares** de Lugo, estudando os micromamíferos, vivindo nunha casa onde só se falaba galego, outra puga incrustada.


Da illa de **Wight**, no Reino Unido, quédase Marilar coas deliciosas espiñas da música en directo que lle cravaron o poeta, compositor e cantante do grupo *The Doors*, Jim Morrison, e o célebre guitarrista e cantante estadounidense Jimi Hendrix, aos que foi escoitar nun famosísimo concerto que tivo lugar en 1970.

De **Madrid** quedalle a Marilar a imaxe, dende a súa ventá, dunha fileira de coches negros formando o cortexo fúnebre do veciño de fronte, que resultou ser José Ortega y Gasset. Quedalle, tamén, o contacto cos primeiros escaravellos, as inevitables “leas domésticas” con súa irmá Cristina, coa que compartía cuarto, a lembranza do avó Miguel cando, ao enviuar, foi vivir á súa casa e unha espiña vermella, en forma de moto Derbi de segunda man, que mercou cos primeiros cartos que gañara. Nela cosía todas as distancias posibles quizais para se achegar ao cineclub de Areneros, onde viu por vez primeira *Freaks*. Mais tamén algunha espiña de angustia cando, no medio e medio da noite, seu pai corría con súa nai para o hospital.

En **Vigo**, na casa de Antía Cal, onde escoitou por primeira vez un poema de Cabanillas, empezou a facerse galega e a nacer como escritora. Alí revolucionou aquel instituto nº 5 do Calvario ata conseguir que levase o nome de Castela. Alí implicouse activamente na resistencia clandestina ao franquismo e foi líder do movemento veciñal do Calvario, participando na fundación da primeira asociación feminista galega e, alí, descubriu que en decembro florecen as primeiras mimosas.

En **Toba**, en **Cee** e neses lugares onde “a Morte non leva gadaña, senón bicheiro”, alimenta Marilar parte da súa imaxinería literaria. Alí adquiriu o “chuspe do galego” por inmersión na tribo dos López Facal. “Caer en Toba foi mergullarme nun caldeiro no que fervía a cachón o galeguismo”, asegura. Alí sitúa historias como *A formiga coxa* ou *Lobos nas illas* e poemas como *Catálogo de venenos* ou *Desmentindo a primavera*. Alí, nos anos noventa, formou parte dese Batallón da Costa da Morte. Todos poetas, que se xuntaban para recitaren os seus respectivos poemas, agás a transgresora Marilar que lía un fragmento dalgún relato.

Contemplan o solpor dende **Belvís** ou estremecer co Alalá de Uxía nalgunha das manifestacións que xermolaron en diferentes momentos contra a inxustiza, influen en que **Santiago de Compostela** sexa hoxe a cidade soñada na que vive e traballa, “singularmente axeitada para unha escritora que ten por oficio imaxinar”, di. Aquí plantou no seu día o abruñeiro ao que se encomenda para non perder a cripta dos soños.



O corazón de Marilar é hoxe coma un alfineteiro no que a súa alma viaxeira foi cravando espiñas duns lugares e doutros, que non sempre son dolorosas, mais, si, xeradoras dun proído de nostalxias que inflúe, consciente ou inconscientemente, na beleza e coherencia de todo o que escribe.

#### UN OCÉANO INABARCABLE

Conta a nova académica que aprendeu a escribir redactando panfletos para revistas clandestinas cando estudaba Bioloxía en Madrid, pero que non se sentiu escritora ata que se fixo galega. O primeiro libro publicado, *A formiga coxa*, no que unha formiga, na compañía doutras amigas, asemade eivadas, andan na procura dun mundo máis xusto, dun lugar no que sexan consideradas iguais, é o xermolo non só de moitos dos libros posteriores senón do discurso que acaba de pronunciar. Nel está presente a temática e o estilo de contar que logo ampliaría e depuraría noutros moitos títulos nos que a aventura e o descubrimento, a reivindicación da diferenza, a superación e a tenacidade por conquistar soños enfrontándose, se for preciso, aos seus devoradores, o respecto pola natureza, a lealdade a si mesma, a denuncia social e o compromiso ético e estético son unha constante. Poño por caso, en *O rescate do Peneireiro*, Sabela é unha ecoloxista e seu irmán un ornitólogo preocupado pola misteriosa extinción dos peneireiros cinsentos. N' *A expedición do Pacífico*, Emilia cruza a incerta liña que separa a adolescencia da madurez sumándose, como polisón, ao obxectivo científico de oito naturalistas que pretenden chegar a América na procura de plantas e animais que incrementen o coñecemento da Terra.

Os que seguimos ano tras ano a súa traxectoria fomos de sorpresa en sorpresa, vendo como ampliaba os seus rexistros iniciais. En 1993, aparece a súa primeira novela para adultos, *Tránsito dos gramáticos*, á que seguen: *Lobos nas illas*, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* (Premio Álvaro Cunqueiro 1998), *Teoría do caos* (Premio Xerais de novela 2001 e Premio San Clemente 2002), *O coitelo en novembro...*


En ningún caso, as devanditas publicacións supuxeron que abandonase a Literatura Infantil e Xuvenil e volve sorprendernos con temáticas comprometidas



e complexas: en *Rúa Carbón* –novela finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 2006–, Paula descobre que seu pai morreu preparando un coche bomba para ETA; n' *A cabeza de Medusa* –gañadora do Premio Fundación Caixa-galicia de Literatura Xuvenil en 2008 e seleccionada para a lista dos The White Ravens en 2009–, inspirada no mito de Medusa, cuxos cabelos se transformaron en serpes tras ser forzada por Poseidón, aborda o trauma persoal, familiar e social que provoca unha violación; n' *A banda sen futuro* –Premios Lazarillo e Lecturas Galix 2001–, Carlota ten que soportar e superar as chacotas por levar a cabeza rapada tal como, con apenas oito anos, o experimentou a propia autora, por un problema semellante que o tempo levou ata convertelo en literatura.

O caso de Marilar foi unha eclosión total, un océano inabarcable. Non só porque, en pouco tempo, publica libros esenciais na súa traxectoria, premiados e moi lidos, senón pola impresionante fervenza de títulos e xéneros onde ós traballos literarios temos que engadir os relacionados coa investigación no mundo da Didáctica das Ciencias, implicándose como coautora, na elaboración dos primeiros libros de texto para o ensino das ciencias en galego, converténdose, deste xeito, nunha pioneira no uso do galego nas aulas como lingua vehicular para o ensino das ciencias, ademais doutros moitos materiais, itinerarios, artigos e ensaios sobre o ensino desta materia que quixo facer atractiva e útil para resolver os problemas da vida fóra das aulas.

O mesmo guioniza traballos de banda deseñada, pousa un pelouro no oco dunha man, “así define o relato”, que escribe ao ditado dunha ilustración, inventa unha canción, unha novela policial por entregas (*Unha presa de terra*, Premio La Voz de Galicia de novelas por entregas 2001), ou traduce a Lewis Carroll, a Sandra Cisneros ou a J. K. Rowling. Tanto escribe un texto dramático, un ensaio relacionado coas ciencias experimentais, unha biografía, ou un libro de poemas insinuando versos na casca dun ovo, nos relevos dunha noz ou nunha cabaza seca; de enrodelalos nunha cana de bambú, ganduxalos na muda dun lagarto ou en papel de arroz. De entre todos os libros de poemas, son especialmente significativos títulos como *Catálogo de velenos* ou *Describindo*, o último ata o momento, por abriren novas vetas na súa traxectoria con singular acerto.



Isto foi, a grandes alancadas, o que fun quen de resaltar en tan breve espazo para tan dilatada obra. Toda a súa literatura foi escrita en galego, quizais porque, aínda que asegure ter a lingua partida, aclara que non todos os bechos con lingua gallada son perversos.

Anímoos a vostedes a que entren na súa web e decataranse de que non hai, en absoluto, hipérbole nestas palabras.

#### UNHA VOZ QUE TERMA DA PAISAXE

Si, señoras e señores, Marilar Aleixandre quere sandar as feridas provocadas á paisaxe e fainos escoitar o ruxido de protesta dos montes, das rochas, das plantas ventureiras, dos ríos, das lagoas e das pozas, da microtoponimia... Ela mesma, como suxeito falante, é unha desas voces que terman da paisaxe natural e humana, física e cultural, como corrobora o documentado discurso que vén de pronunciar; unha voz que continúa fiel a si mesma. A curiosidade científica e a presenza do mito, a perspectiva de xénero, a influencia do mar, a Costa da Morte, a preocupación medioambiental e, sobre todo, a querenza polos excluídos son unha preocupación constante tanto na súa obra literaria coma nos seus ensaios, facendo fronte e intervirindo diante das agresións provocadas á paisaxe e ás persoas polos humanos deshumanizados, cal Eolo capaz de manter a raia os ventos desfavorables.


Volvendo ao pretexto do comezo, n' *O castelo Branco* (2007), unha novela do escritor turco Orhan Pamuk, cuxo título orixinal respondería á tradución literal d' *O astrólogo e o Sultán*, nárrese a historia dun astrólogo turco que, desexoso de coñecer os avances científicos e intelectuais de Occidente, merca un científico veneciano, capturado previamente polos piratas nas costas do Mediterráneo e vendido como escravo no mercado de Istanbul. O seu asombroso parecido físico fai que astrólogo e científico poñan os moitos talentos de ambos ao servizo do Sultán coma se fosen unha única persoa, un adiviño que fundamenta as súas profecías na ciencia e na astroloxía, un “astrólogo imperial”. Nunha sorte de epílogo final, no que Orhan Pamuk conta como foi tecendo a novela, di: “Quizais porque non vivía nun país que muda por arte dos libros, senón das cousas que escoitan doutros e as

paixóns que prenden, decidín que no meu adiviño había prender a ciencia dunha persoa chegada de fóra [...]. Cando chegou o momento de lles dar corpo aos meus protagonistas, unha vez coloreada a historia con tons que fora acumulando para embelecela, e así mandalos de viaxe por entre as páxinas, decateime de que non era capaz de distinguir o Mestre do escravo italiano” (Pamuk 2007: 221). Ese esforzo de intercambio de roles ata dar cunha perfecta simbiose entre ambos os dous, que o Nobel turco imaxinou para escribir a súa novela, non sería necesario se batese de fronte con alguén que, dende un principio, dominase por igual o poder da imaxinación e o coñecemento científico, nunha sorte de vasos comunicantes onde se traspasan dun recipiente a outro coñecementos, intuicións e sentimentos, é dicir, se dese con Marilar Aleixandre, quen chegou a Galicia coma unha enviada das estrelas.

Na medalla, que en breve se lle vai facer entrega, reza o lema *Colligit. Expurgat. Innovat*: Recolle. Depura. Innova. Marilar chega á Academia con cestos ateigados de ideas, de palabras descarreiradas coas que nomear os animais e as plantas todas, dende as que se refiren aos seres máis aparentemente insignificantes que pululan ao noso redor e que nos pasan desapercibidos, ata os que asoman por primeira vez. Son palabras que traerá escollidas, limpas. Talvez silenciadas ou discriminadas e que, como bióloga e literata atenta a poñerlle nome a todo o que respira, esixa rescatarmos. “...cómpre examinar palabras ou células, unha por unha: /honra, familia, feminina... /á luz inmisericorde do foco do quirófano /tirar fóra tecidos contaminados, palabras riscadas” asegura Marilar Aleixandre no poema “Desbridar” (Aleixandre: 2016).

A nova académica ben sabe que, como diría Manuel María, “A palabra nomea e crea as cousas,/pon orde no mundo/e harmoniza toda a creación” (“Canción da claridade das palabras”, Manuel María 1988).

Señoras e señores académicos, debemos aledarnos de que hoxe ingrese na Real Academia Galega unha persoa disposta a pensar máis grande e a percorrer os quilómetros de esforzo necesarios para avanzar cara ao futuro, que sente curiosidade polas descubertas, que berra NON contra quen pensa que “as cousas son así porque si”, que sabe que nada é definitivo e irremediable e que sente como propia cada conquista colectiva. Coa súa incorporación, refórzase a potencia intelectual da Academia como grupo.



Estou completamente segura, Marilar, de que o admirado, benquerido e entrañable Mago de Gres, que tantas paisaxes magoadas quixo mudar –ese infatigable xornaleiro da palabra, que apreixou as máis fermosas para bordar con elas as beiras dos océanos– alá onde estea, celebrará que sexas precisamente ti, outra xornaleira entregada, eficaz e incansable, quen ocupe a súa cadeira na Real Academia Galega.

E, nesta mañá de xaneiro que ti mudaches en extraordinaria, desexo que a fantasía e a realidade, a aventura e a viaxe, a busca e o descubrimento, sigan a chamar polo teu Mac de Apple, polos teus lapis de lle dar voltas ao escrito, polos catro tinteiros da túa mesa “ben denotan a túa adicción ás tintas, que nunca queres utilizar a medias”, e continúe a espallarse por riba dos cumes do mundo, mentres o noso pacto mutuo de amizade e afectos permanece.

Lembro unha fotografía na que apareces sentada no tellado dunha casa, coma quen está nun prado contemplando o universo, sen mostrar a vertixe das alturas. Baixo os pés, os países soñados e penso: hai algo que a ti se che poña costa arriba?


E, porque ti es unha desas voces libres que terman da paisaxe galega, porque es quen de espertar en nós a mesma emoción polas rochas que polos paxariños, desexamos, benquerida Marilar, que sete vidas teñas para que, agora dende a Academia, poidas levar durante moitos anos ese facho dos devanceiros no que ti “tamén navegar” facendo país.

Benvida sexas a esta Casa.

Resposta. Fina Casalderrey

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aleixandre, Marilar (1999a): *Catálogo de velenos*. Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán.
- (1999b): *Imos xuntos camiñar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2014): *Ovella descarreirada*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2016): *Desescribindo*. A Coruña: Apiario.
- Borreguero Beltrán, Cristina (2011): “*Puellae doctae* en las cortes peninsulares”, *Dossiers feministes* 15. Disponible en rede: <http://www.e-revistas.uji.es/index.php/dossiers/article/view/1128>.
- Manguel, Alberto (1998): *Una historia de la lectura*. Madrid: Alianza Editorial.
- Manuel María (1988): *As lúcidas lúas de outono*. A Coruña: Vía Láctea.
- Pamuk, Orhan (2007): *O castelo branco*. Vigo: Galaxia.
- Pessoa, Fernando (1946): *Poemas de Alberto Caeiro*. Lisboa: Editorial Ática.



## Índice

|   |           |
|---|-----------|
| DISCURSO DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA MARILAR ALEIXANDRE                  | 7         |
| <b>Voces termando da paisaxe galega</b>                                 | <b>15</b> |
| A voz das rochas: que nos di o Ollo de Sapo                             | 16        |
| Voces amordazadas da auga: da ferverza do Xallas á lagoa de Antela      | 20        |
| As puntadas que sustentan a paisaxe: valados e sebes, rodeiras e aldeas | 28        |
| Para aguantar dos nomes: lingua e toponimia                             | 30        |
| A voz das mulleres e do feminismo nos discursos sobre a paisaxe         | 34        |
| Resistindo como as plantas ventureiras                                  | 38        |
| A paisaxe invisíbel   | 40        |
| Referencias bibliográficas  | 42        |
| <br>  |           |
| RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA FINA CASALDERREY                  | 49        |
| Coma estrelas no mar  | 52        |
| Unha <i>Puellae Doctae</i> das ciencias e das letras                    | 55        |
| Exploradora e aventureira   | 57        |
| Cos pés fóra do prato para apañar a primavera                           | 59        |
| Espiñas que a feriron para sempre                                       | 61        |
| Un océano inabarcable   | 63        |
| Unha voz que terma da paisaxe   | 65        |
| Referencias bibliográficas  | 68        |




Este libro,  
*Voces termando da paisaxe galega,*  
rematouse de imprimir  
o día 10 de xaneiro de 2017.





**Real Academia Galega**  
Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña  
Tlf. 981 207 308  
Fax 981 216 467

[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

